Sobre o cesamento do director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

- 5738 (11/PRE-000692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do sistema que está a utilizar para a distribución entre as embarcacións do cerco de Galicia das cinco licenzas para faenaren simultánea e semanalmente nas augas interiores do País Vasco, e as súas intencións respecto do deseño e da aprobación, de acordo co sector, dun novo sistema para ese fin

- 5768 (11/PRE-000693)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á recuperación marisqueira da ría de Ferrol e á protección económica e social das persoas mariscadoras da ría



- 5794 (11/PRE-000694)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba e os motivos do seu alcance

- 5821 (11/PRE-000695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o control levado a cabo e as previsións do Goberno galego respecto da garantía da axeitada execución e corrección das deficiencias detectadas nas obras da ruta das Augas da Freixa, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 5828 (11/PRE-000696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co posible impacto, no patrimonio cultural e nas zonas protexidas pola Rede Natura 2000, das actuacións que se están a levar a cabo para a execución do Proxecto de acondicionamento e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga

- 5834 (11/PRE-000697)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dunha normativa específica para regular os usos sociais do monte e a súa opinión referida á necesidade da participación nela dos representantes das comunidades de montes veciñais en man común

- 5842 (11/PRE-000698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 5 máis

Sobre a solución prevista polo Sergas para resolver o déficit de facultativos existente no servizo de radioloxía da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente no Hospital Público do Barco, así como sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para aumentar o seu cadro de persoal

- 5848 (11/PRE-000699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para o inicio das obras para a habilitación dun espazo como sala de agarda propia e digna para as vítimas de violencia de xénero no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro

- 5853 (11/PRE-000700)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre a posibilidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de garantir unha aplicación uniforme polos centros educativos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia na remisión para ditame das comisións provinciais de seguimento de posibles casos de absentismo con orixe na covid-19 e os datos ao respecto

- 5867 (11/PRE-000701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre a autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural das obras de urbanización e amoblamento que se están a levar a cabo no castro da Subidá, no concello de Marín, a súa postura en relación co interese e a necesidade deste tipo de intervencións e as actuacións levadas a cabo ao respecto

- 5873 (11/PRE-000702)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns da xestión levada a cabo polo Goberno galego durante o estado de alarma en relación coa supresión das feiras e mercados de proximidade, así como sobre a existencia dalgún protocolo de seguridade sanitaria que regule a súa actividade comercial e as medidas previstas para a súa reactivación

- 5880 (11/PRE-000703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os datos referidos aos expedientes de regulación temporal de emprego e as solicitudes de adiantos bancarios tramitadas pola Xunta de Galicia en relación con traballadores vinculados ao ámbito das verbenas e con motivo da pandemia, así como sobre as actuacións previstas ao respecto

- 5890 (11/PRE-000704)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación e o establecemento dun protocolo de actuación específico no caso de chegada aos portos de Galicia de barcos con membros das súas tripulacións contaxiados pola covid-19

- 5891 (11/PRE-000705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar as carencias e deficiencias existentes no Centro de Saúde do Carballiño

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



1.6. Procedementos de elección, designación e proposta de nomeamento

1.6.16. Consello Consultivo de Galicia

Acordo da Mesa do Parlamento, do 1 de decembro de 2020, polo que se inicia o procedemento de designación de tres membros electivos do Consello Consultivo de Galicia (10/CCGD-000001)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 1 de decembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1. Iniciar o procedemento de designación de tres membros electivos do Consello Consultivo de Galicia.
2. Abrir un prazo para que os grupos parlamentarios lexitimados formulen as súas propostas de candidatos ou candidatas, que deberán reunir os requisitos previstos no apartado 2 do artigo 3 da Lei do Consello Consultivo de Galicia. O prazo finaliza o día 4 de decembro ás 18.30 horas.
3. As propostas irán acompañadas da declaración de aceptación por parte das persoas propostas, dun currículo asinado por estas que acredite os requisitos previstos no artigo 3.2 da Lei do Consello Consultivo de Galicia e dunha declaración de non se encontraren incursas nas incompatibilidades previstas no artigo 6 do devandito texto lexislativo.
4. Comunicar este acordo ao portavoz do G. P. Popular de Galicia, ao que lle corresponden dous candidatos, e á portavoz do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao que lle corresponde un candidato.
5. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Instrución da Oficialía Maior, do 1 de decembro de 2020, en relación coas vacacións e os permisos por asuntos propios sen xustificación correspondentes ao ano 2020

A excepcional situación derivada da crise sanitaria da covid-19, xunto co recente inicio da XI lexislatura, deriva no incremento da actividade parlamentaria e administrativa nos últimos meses do ano, xunto cunha acumulación de días pendentes de desfrute por parte do persoal desta Administración.

Xa que logo, en virtude das atribucións que me confire o artigo 9.1b) e f) do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2018,

DISPOÑO.



1. Con carácter extraordinario, poderánselle autorizar ao persoal as vacacións do 2020 pendentes de desfrutar ata o 31 de xaneiro de 2021, en función das necesidades do servizo.

2. Con carácter extraordinario e en función das necesidades do servizo, o período de desfrute de permisos por asuntos propios sen xustificación pendentes do 2020 prorrogarase ata o 31 de marzo de 2021.

O desfrute das vacacións e permisos pendentes do ano 2020 non será acumulable ao que poida corresponderlle ao persoal no ano 2021, salvo excepcións debidamente motivadas e derivadas das necesidades do servizo.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a auditoría da Xunta de Galiza ás residencias de maiores galegas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido ao interese público que suscita a situación xerada pola COVID-19 nos centros residenciais galegos e o impacto que a pandemia tivo e está a ter nos mesmos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na súa comparecencia na Comisión de reactivación social, económica e cultural, o director xeral de asistencia socio-sanitaria sinalou que a Xunta de Galiza está a desenvolver unha auditoría nas residencias de maiores galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, non afondou en cantos e cales centros se está a desenvolver nin tampouco o contido exacto da avaliación mais si indicou que se procede a través dunha check list ou listaxe de verificación.

Descoñecemos, igualmente, o obxecto de estudo desta auditoría, se se trata só da avaliación do estado das residencias a respecto da COVID-19, se vai alén diso para valorar a situación na que se atopa a atención das persoas usuarias destas institucións sociais e se visa obter unha radiografía máis ampla que sirva de diagnose cara ao deseño do novo modelo de residencias anunciado pola Xunta de Galiza.

As residencias de maiores foron, e seguen a ser, un dos principais focos de contaxio durante a pandemia da COVID19. Centos de persoas usuarias e traballadoras destes centros víronse contaxiadas pola COVID19 e máis do 40% das persoas falecidas eran residentes.

Analizar o que aconteceu ao longo dos últimos meses en Galiza e, especialmente, nas residencias de maiores é unha obriga ética para calquera goberno e todo o acontecido debe servir para mudar un modelo de residencias que arrastra eivas, carencias e deficiencias desde antes da chegada do SARS-COV2.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cal é o contido da auditoría que a Xunta de Galiza está a realizar sobre as residencias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2020 10:03:32

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2020 10:03:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/11/2020 10:03:54

María del Carmen Aira Díaz na data 30/11/2020 10:04:03

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2020 10:04:13

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2020 10:04:25

Daniel Castro García na data 30/11/2020 10:04:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/11/2020 10:04:47

Alexandra Fernández Gómez na data 30/11/2020 10:04:58

María González Albert na data 30/11/2020 10:05:17

María do Carme González Iglesias na data 30/11/2020 10:05:27

Rosana Pérez Fernández na data 30/11/2020 10:05:35

Daniel Pérez López na data 30/11/2020 10:06:27

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2020 10:06:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2020 10:07:01

Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2020 10:07:11

Paulo Ríos Santomé na data 30/11/2020 10:07:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/11/2020 10:07:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/11/2020 10:07:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a situación das mulleres embarazadas en Ourense.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A grave situación de desatención na cidade e comarca de Ourense das mulleres embarazadas, que están a ver vulnerados os seus dereitos a unha adecuada preparación e información para o desenvolvemento do parto e outros elementos do exercicio da maternidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 27 de novembro varias embarazadas da cidade de Ourense facían público un comunicado no que denunciaban a súa situación de desamparo e vulneración de dereitos ao serlles negada a formación e atención correspondente co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terceiro trimestre de embarazo no seu centro de saúde, o Centro de Saúde da cuña, e no centro ao que foron derivadas, o Centro de Saúde do Couto, baixo a desculpa da situación de pandemia e da baixa dunha matrona.

Desde hai meses, este Grupo Parlamentario ten denunciado a situación de práctica clausura da Atención Primaria unha vez superado o primeiro Estado de Alarma e o confinamento domiciliario, e a non recuperación, planificación e oferta adaptada ás restricións sanitarias de numerosos servizos sanitarios que non poden ser eliminados ou substituídos por unha atención telefónica que, ademais, non está garantida nun prazo razoábel de tempo. Un deses servizos son as clases de preparación para o parto ou educación maternal que o servizo galego de saúde ofrece ás mulleres embarazadas que están no último trimestre.

Este tipo de preparación está recollida nas recomendacións ministeriais, asumidas polo SERGAS, da *Guía de práctica clínica de atención en el embarazo y puerperio*. Neste documento de referencia sinálanse recomendacións para a atención durante o embarazo, entre as que está “*ofrecer a todas as xestantes e as súas parellas, a oportunidade de participar nun programa de preparación ao nacemento co fin de adquirir coñecementos e habilidades relacionadas co embarazo, o parto, os coidados do puerperio, do/da recém nacido/a e coa lactancia*” e o coñecemento que se fornece é fundamental para tomar decisións respecto do plan de parto, para alén do coñecemento e autoconhecimento para afrontar o proceso con maior tranquilidade e calidade.

É inaceptable que despois de máis de oito meses de pandemia non exista unha adaptación deste tipo de formacións á realidade marcada pola covid-19, máis aínda cando existen experiencias impulsadas por profesionais que poden servir de guía, como a formación en liña impulsada polas profesionais do Hospital de Verín.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, esta situación amosa as consecuencias da falta de matronas e de persoal de enfermaría e persoal, en xeral, de Atención Primaria. Se isto acontece no centro da terceira cidade de Galiza, é só a punta do iceberg dun problema meirande que debe ser situado como prioridade por parte da Consellaría de Sanidade.

Así mesmo, cómpre engadir que, respecto da atención a embarazadas e poboación infantil, estamos diante dun deterioro máis na cidade e na provincia de Ourense, que é xa insostible. Durante anos as organizacións sindicais e a Asociación galega de matronas teñen denunciado a falta deste perfil profesional en Ourense, o menor número de Galiza e que leva a que moitas profesionais teñan que desenvolver o seu labor de forma itinerante entre diferentes centros de saúde e concellos cunhas ratios inaceptables.

Esta situación súmase á xa denunciada unificación da planta de lactantes e de crianzas escolares e preescolares no CHUO, unidas sen explicación nin aval científico desde os meses de verán única e exclusivamente para aforrar persoal.

Cómpre recordar que a unidade de lactantes abrangue até os dous anos de idade, aténdense en moitas ocasións bebés de poucos días e crianzas con atencións moi específicas. No que respecta á unidade de preescolares/escolares estamos a falar de nenos e nenas entre 2 e 14 anos, e en ocasións mesmo de ingresos puntuais de pacientes de ata 17 anos por criterio facultativo. A abordaxe e atención é diferente e debe terse en conta que neste abano atópanse situacións que requiren tamén dun seguimento continuado, que é incompatíbel coa atención en paralelo de crianzas de idades máis temperás. Polo tanto, non é xustificable unificar estes dous servizos, nin por comodidade e benestar das nais e as crianzas, nin por seguridade, nin para garantir unha mellor atención por parte do persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes feitos súmanse á inexistencia dun servizo propio de cirurxía pediátrica e ás denuncias respecto da violencia obstétrica que este mesmo 25 de novembro denunciaban diferentes organizacións feministas e de apoio á lactancia materna en Ourense, dirixindo reclamacións ao SERGAS e ao CHUO.

É grave que ao mesmo tempo que o goberno galego impulsa un proxecto de lei para atallar a crise demográfica, no que basicamente se arbitran medidas natalistas que responsabilizan ás mulleres galegas da falta de nacementos, no lugar do país onde máis grave é esta crise se vulneren reiteradamente os dereitos das embarazadas e das crianzas, convertendo a maternidade nunha carreira de obstáculos e na procura constante de dereitos que deberan estar cubertos pola administración galega desde o minuto cero.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir unha adecuada atención ás mulleres embarazadas de Ourense e os seus dereitos a recibir formación e apoio durante o embarazo?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2020 12:14:13

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2020 12:14:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/11/2020 12:14:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 30/11/2020 12:14:52

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2020 12:15:14

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2020 12:15:23

Daniel Castro García na data 30/11/2020 12:15:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/11/2020 12:15:44

Alexandra Fernández Gómez na data 30/11/2020 12:15:57

María González Albert na data 30/11/2020 12:16:08

María do Carme González Iglesias na data 30/11/2020 12:16:20

Rosana Pérez Fernández na data 30/11/2020 12:16:31

Daniel Pérez López na data 30/11/2020 12:16:43

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2020 12:17:03

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2020 12:18:10

Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2020 12:19:05

Paulo Ríos Santomé na data 30/11/2020 12:19:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/11/2020 12:19:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/11/2020 12:19:41



Á Mesa do Parlamento

Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo estase a mobilizar para reclamar o reforzo de efectivos que levan demandando dende o inicio da pandemia do coronavirus.

Dende o Comité da concesionaria de limpeza alertan de que a falta de persoal e o incremento dos protocolos hixiénicos derivados da alarma sanitaria levan meses provocando unha sobrecarga de traballo e un estrés laboral prolongado entre o persoal. Lembran que o pasado 13 de marzo solicitaron a empresa e ao Sergas que reforzase o servizo, como se estaba a facer noutros hospitais públicos galegos, mediante a habilitación dunha partida económica especial.

No Hospital Álvaro Cunqueiro non se fixo nada, seguramente porque é un hospital privatizado, e as empresas que o xestionan non queren investir e o Sergas mira cara outro lado.

Nesta situación onde a precaución debería ser extrema tamén se está intentando utilizando caixas de cartón para a recollida de residuos sanitarios co risco que iso supón para a propagación non so da covid-19, tamén doutros virus e bacterias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ante o incremento das medidas de hixiene pola covid-19, a escaseza de persoal de limpeza, nos centros hospitalarios, vai a Xunta de Galicia a habilitar unha partida para reforzar o mesmo?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 20/11/2020 09:44:09

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/11/2020 09:44:18

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2020 09:44:25

Marina Ortega Otero na data 20/11/2020 09:44:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reactivación dos consultorios médicos de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após de ser decretado o estado de alarma no pasado mes de marzo a raíz da COVID-19, o SERGAS tomou a decisión de pechar centros de saúde, e tamén e moi especialmente diversos consultorios en todo o país.

O motivo alegado foi que nese tipo de centros non era doado poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus, tanto de profesionais como de doentes, en especial pola imposibilidade de establecer circuítos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e/ou respiratorias.

Aquel primeiro estado de alarma foi levantado o pasado 21 de xuño e, a día de hoxe, moitos deses centros seguen pechados e non parece que a intención da Consellería de Sanidade sexa abrílos a curto prazo.

É o caso dos consultorios de Taragoña, no concello de Rianxo, e do de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, que segundo os últimos datos publicados na páxina da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, levaron a cabo en 2017 7.031 e 7.397 consultas de medicina xeral e 5.141 e 3.329 de enfermería, respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O caso do peche do consultorio de Cabo de Cruz xa ten sido tratado no parlamento galego en varias ocasións porque viña sendo unha práctica habitual durante os veráns, segundo a Consellaría por “reorganización asistencial no período estival para compatibilizar as vacacións do persoal”. Este ano, a día de hoxe continúa pechado.

Deste xeito, preto de 3.000 persoas adscritas a estes consultorios pasaron de ter unha atención sanitaria próxima e presencial a ter que ser atendidas telefonicamente ou a desprazarse aos centros de saúde de Rianxo e Boiro onde se centralizaron todos os servizos.

Estes desprazamentos, en autobús, taxi, coche particular ou dependendo doutras persoas, supoñen en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias e, ao mesmo tempo, ser atendidos e atendidas nuns centros de saúde xa con sobrecarga de traballo.

Ademais destes, os consultorios de Palmeira e Corrubedo, no concello de Ribeira, tamén permaneceron pechados temporalmente no mes de maio trasladando aos seus médicos ao centro de saúde de Ribeira dun xeito unilateral por parte da Consellería e en plena crise sanitaria.

No BNG sumámonos á preocupación da veciñanza destes lugares que ve pasar os meses e o que se podería entender como unha medida de urxencia estase a converter en definitiva, e todo parece indicar que o SERGAS ten a intención de consolidar o seu peche como irreversible.

Por outro lado, tamén é motivo de atención o mal estado no que xa se atopaban estes consultorios mesmo antes da chegada da pandemia. E, no caso da comarca da Barbanza, podemos engadir tamén a falla de mantemento acusado nos consultorios de Corrubedo e Aguiño, no concello de Ribeira, que, entre os dous, atenden a unha





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación de máis de 3.000 persoas. Con todo, o caso máis grave é o de Cabo de Cruz, onde o consultorio ubícase nun espazo pouco axeitado, en moi malas condicións, e onde mesmo a falla de limpeza é chamativa.

Nestes centros nada se sabe do compromiso adquirido entre a Xunta e a FEGAMP mediante o que o SERGAS asumiría, a partir de 2007, os gastos de mantemento dos centros de saúde pertencentes á rede pública sanitaria galega. Un traspaso que se enmarcaba dentro do pacto local asinado no 2006 pero cuxa aplicación, 14 anos despois, está pendente aínda. E é así que nunha grande parte do noso país, seguen a ser os axustadísimos orzamentos dos pequenos concellos -xa desbordados pola obriga de asumiren gastos impropios dende o inicio da pandemia- os encargados dos gastos de mantemento dos centros de saúde e dos consultorios.

E finalmente, outro elemento común entre eles vén sendo a sensación de abandono dos seus e das súas profesionais por parte da administración sanitaria, a falla de supervisión e coordinación que existe desde a coordinación de atención primaria que, tamén pola seu exceso de carga de traballo e carencia de medios, vese imposibilitada para atender as demandas dos centros periféricos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai reactivar o goberno galego a atención sanitaria presencial nos consultorios médicos de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro) e dar cumprimento ao pacto local asinado coa FEGAMP no 2006 no referido aos gastos de mantemento dos centros de saúde?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2020 12:17:10

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2020 12:17:18

Iria Carreira Pazos na data 20/11/2020 12:17:25

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2020 12:17:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os protocolos de prevención e material de protección fronte á COVID-19 das traballadoras do SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo sociosanitario fundamental e esencial para a atención á dependencia. Malia que o centro de traballo non son infraestruturas sociais como acontece nos centros de día ou residencias de maiores, as traballadoras a usuarias vulnerábeis polo que a pandemia da COVID-19 lles afecta en igual medida.

Porén, malia isto, desde que se declarou a emerxencia sanitaria as traballadoras do SAF son un colectivo invisibilizado ao que non se lle están a garantir as condicións de traballo necesarias para enfrontar unha pandemia.

Neste senso, o servizo non conta a día de hoxe cun protocolo único de prevención o que xera multiplicidade de situacións e procedementos en función do concello ou modelo de xestión que exista en cada lugar.

De igual maneira, non contan co material de protección necesario nin moitas veces coa formación e información debida para atender a posíbeis casos positivos. Escasean as máscaras (máis aínda as de maior protección), as batas, as luvas ou o xel hidroalcohólico véndose na obriga en moitos casos de manter unha única máscara





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cirúrxica durante toda unha xornada de traballo na que poden visitar até cinco domicilios distintos.

Todos os servizos sociais, máis aínda aqueles que atenden persoas maiores en situación de dependencia, deben contar coas ferramentas e material indispensábel para garantir unhas condicións de traballo dignas e seguras non só para as usuarias e usuarios senón tamén, e moi especialmente, para as propias traballadoras.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a seguridade das usuarias e traballadoras no Servizo de Axuda no Fogar?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 09:51:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 09:51:06

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 09:51:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os criterios de reparto das embarcacións que faenan no País Vasco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema que está a aplicar a Consellaría do Mar para decidir que embarcacións poden pescar dentro das augas autonómicas do País Vasco, vén provocando un profundo malestar entre as entidades e embarcacións do cerco pola súa falla de transparencia e por consideralo moi pouco equitativo.

Nomeadamente, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) - formada pola inmensa maioría do sector do cerco en Galiza, 115 dos 152 barcos que figuran no censo do cerco segundo o propio rexistro de buques da Comunidade Autónoma- vén amosando dende hai tempo a súa disconformidade cos criterios empregados pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galiza.

Dende o ano 2008, só 5 embarcacións con porto base en Galiza poden faenar de xeito simultáneo cada semana en augas interiores do País Vasco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Dirección Xeral de Pesca decide cales son esas 5 embarcacións a partir dun método que non parece o máis transparente e fiábel: Recibe as solicitudes por fax e, segundo a súa orde de entrada, remítense a Euskadi para que emita as autorizacións.

Como o número de solicitudes é superior ás autorizacións que se poden conceder, finalmente escóllese unha embarcación por asociación e seguindo a orde de entrada da solicitude.

O primeiro que chama a atención deste método é que se reparta unha embarcación por asociación cando non todas as asociacións son equiparábeis en canto ao número de embarcacións que aglutinan.

O segundo, aínda máis chamativo, é que a orde de entrada das solicitudes case sempre é acaparada polos mesmos barcos e non, precisamente, os pertencentes ás entidades que máis embarcacións teñen. Tanto é así, que na actualidade hai xa moitas confrarías que, como xestoras das solicitudes, caeron no desánimo e a incredulidade da equidade do sistema de reparto empregado e hai tempo que desistiron de envíasalas.

Deste xeito, para a Dirección Xeral de Pesca, todas as asociacións son tidas en conta por igual, independentemente de que contén con 115 barcos ou con 37, que son os que restan ata completar os que están inscritos no rexistro de buques de Galiza.

Con este criterio, as asociacións máis numerosas xa parten con desvantaxe. E, se a isto lle engadimos que, curiosamente, os fax que entran primeiro son moitas veces os mesmos, obtemos un resultado ben desigual, discriminatorio e que, dende logo, dá poderosas razóns a aqueles que manifestan reiteradamente as súas queixas en contra del.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A administración non debera, en ningún caso, ser parcial. A súa función é aplicar as normas dun xeito obxectivo, transparente, ponderado e razoado e, sobre todo, tentando unir a calquera sector que ten un obxectivo común.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a elaborar, de acordo co sector, e aprobar un novo sistema de reparto para as embarcacións do cerco que poden faenar en augas interiores do País Vasco que sexa transparente, equitativo e razoado?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 10:50:45

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 10:50:55





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/11/2020 10:51:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol e protección social e económica ás mariscadoras e mariscadores da ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del, pouco a pouco mais ininterrompidamente.

Diante de esta situación, o pasado día 16 de outubro do 2020, e por iniciativa do BNG, o Parlamento de Galiza adoptou por unanimidade o seguinte acordo: "O Parlamento de Galiza insta ao goberno da Xunta e máis ao goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na Ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadoras e mariscadores pactadas co propio sector."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais desde aquel día non tivemos coñecemento de ningunha actuación por parte da Xunta de Galiza dirixida a dar cumprimento a este acordo parlamentario.

Pola nosa parte visitamos a mencionada estación de bioloxía mariña da Graña para coñecer de primeira man a súa diagnose sobre a ría, a súas capacidades técnicas para realizar ou colaborar na realización dos estudos que poidan resultar precisos, e a súa dispoñibilidade.

Nesa visita atopamos un equipo pronto a prestar calquera colaboración que se lle solicite na liña do acordo parlamentario, adiantáronnos a súa opinión de que con toda seguridade a problemática da ría é de carácter multifactorial, e non exclusiva da presenza dun determinado parásito, así como a urxencia da realización dun estudo integral da ría que inclúa dinámicas hídricas, análise de sedimentos, e parámetros de auga.

Ante a falta de actuacións por parte da Xunta e premidos pola grave situación do sector os patróns e a patroa maiores das confrarías da ría de Ferrol instaron por escrito dirixido a diferentes administracións e entidades públicas o cumprimento do acordo parlamentario.

Aínda sen resposta formal de ningún de estes organismos, a consellaría por fin convocou ao sector a unha reunión que tivo lugar o mércores 18 de novembro, e na que, segundo parece, se lles comunica a nula vontade de dar cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade neste Parlamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galiza manterse a expectativa mentres morre a actividade produtiva na ría de Ferrol expulsando a todas as persoas que traballan no sector da pesca e o marisqueo neste ámbito?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2020 18:17:25

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 18:17:28



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Cores Tourís e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A coñecida e chamada coloquialmente “couza guatemalteca”, cuxo nome científico responde á *Tecia solanivora* (*Scrobipalopsis solanivora*), posúe o carácter de organismo nocivo de corentena.

Como o seu propio nome indica, este organismo xorde en Guatemala arredor de 1970, sendo estendido a través de América Central ata América do Sur, de forma que está presente en Costa Rica, El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua, Panamá, Colombia, Ecuador e Venezuela, amais de en Guatemala.

Na Unión Europea só se atopaba presente nas Illas Canarias, concretamente en Tenerife. Non obstante, durante o ano 2015 foi detectada no norte de Galicia, cuxa explicación radica na posibilidade de ser introducida de xeito ilegal por medio de patacas procedentes de Venezuela, Colombia ou Ecuador.

Ao respecto, o regulamento europeo, correspondente á Directiva 2000/29 do Consello, establece as medidas de protección contra a introdución e propagación da *Tecia solanivora* ao longo do territorio europeo. Regulamento adaptado á lexislación estatal a través do Real Decreto 58/2005 e posteriormente o 197/2017, de 3 de marzo, polo que se establece o *Programa nacional de control e erradicación* deste organismo.

En Galicia, os primeiros puntos nos que se detectou a súa presenza foi en trampas colocadas en parcelas de produción de pataca para consumo propio, en Ferrol, Narón e Neda, na provincia da Coruña. En prospeccións posteriores detectáronse tamén no norte da provincia de Lugo, en municipios como Viveiro, Xove ou Foz.

Neste senso, o principal cultivo afectado é o tubérculo da pataca. Ademais, ao tratarse dunha couza posúe, como é de esperar, hábitos nocturnos. Comeza o seu ciclo coa posta de ovos nos tubérculos próximos a eles, en distancias curtas, e tras o período de incubación de 5 a 15 días prodúcese a eclosión da larva, que penetra na pataca causando os danos, tales como a perda de peso e da calidade.

Neste senso, e sendo como é Galicia unha das principais comunidades produtoras de pataca, incluso baixo o selo da Indicación Xeográfica Protexida “Pataca de Galicia”, sexa para a venda ou incluso para consumo propio, leváronse a cabo unha serie de



medidas específicas a prol da erradicación desta praga por parte da Xunta de Galicia e, concretamente, da Consellería do Medio Rural.

Por iso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o alcance das medidas levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural na loita contra a chamada couza guatemalteca na nosa Comunidade?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 23/11/2020 13:53:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/11/2020 13:53:56

Raquel Arias Rodríguez na data 23/11/2020 13:54:07

José Antonio Armada Pérez na data 23/11/2020 13:54:21

Ramón Carballo Páez na data 23/11/2020 13:54:40

José Manuel Cores Tourís na data 23/11/2020 13:55:02

Daniel Vega Pérez na data 23/11/2020 13:55:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez e José Manuel Cores Tourís, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector lácteo galego é un dos mellores exemplos de motor do porvir de Galicia. Posuímos unha extraordinaria posición, sendo líderes no conxunto do Estado, grazas a todos e cada un dos gandeiros preocupados pola súa produción, así como por todos os aneis que conforman a cadea de valor do leite. Pero, ademais, a nosa comunidade sitúase entre as dez primeiras comunidades en produción de leite a nivel europeo, fito máis que destacable.

Por iso, desde o Partido Popular de Galicia estamos comprometidos en que o sector lácteo de Galicia siga medrando. Neste senso, estamos a prol de iniciativas que garantan a continuidade das granxas con viabilidade, promovendo a remuda xeracional no sector, así como doutras que permitan defender aos nosos gandeiros respecto ao mantemento das axudas da PAC e proporcionarlles todas as ferramentas necesarias ao fío do desenvolvemento da súa actividade.

En consideración disto, é preciso apostar pola sustentabilidade e a economía circular, tratando de facer ao sector máis efectivo na transformación dunha maior porcentaxe de leite na nosa Comunidade, revertendo o beneficio xerado o propio sector. Por iso, a diversificación do produto é un eixo esencial para encarar os novos retos do futuro, e facer do sector lácteo galego un sector máis competitivo e efectivo de cara aos mercados nacionais e internacionais.

Ao respecto, acabamos de coñecer que a Xunta de Galicia presentaba o 18 de novembro de 2020 a *Estratexia de dinamización do sector lácteo*, unha iniciativa que, por medio de cinco eixos estratéxicos, tales como a produción, a industria, mercados, cadea de valor, formación e innovación, pretende consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas, cun alto nivel de competitividade, sostibilidade e capacidade de resiliencia.

Neste senso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Carballiño é unha das cabeceiras de comarca máis importantes da provincia de Ourense.

Dende fai anos o Carballiño, cunha poboación de 14.300 habitantes, vén sufrindo constantes recortes no ámbito sanitario. Unha poboación envellecida e cunha gran demanda de prestacións sanitaria.

O Carballiño ten un centro de saúde moi pequeno para poder dar un servizo sanitario adecuado, tendo en conta o gran aumento do número usuarios/as, onde os pacientes, por exemplo de radioloxía, esperan acumulados nun corredor.

O servizo de psicoloxía clínica leva máis de seis meses sen prestar servizo no centro nun momento de moita demanda e tendo en cota o contexto derivado da pandemia, así mesmo hai falta de médicos, de enfermeiras, de auxiliar de enfermería, administrativos.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia a ampliación do Centro de Saúde do Carballiño? de ser así, en que data?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 26/11/2020 17:02:49

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2020 17:03:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada diante do retraso na convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galiza, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego para 2020.

Exposición de motivos

A Xunta de Galiza convoca anualmente unha liña de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral dirixidas a persoal investigador que desenvolve o seu traballo nas Universidades galegas ou noutras entidades do Sistema de I+D+i de Galiza.

Por mor da pandemia provocada pola COVID-19 o Goberno galego dixo que a convocatoria para 2020 se demoraría a respecto doutros anos.

Porén, a esta altura do ano aínda non foron convocadas e segundo trasladaron ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego diversas persoas interesadas, a Xunta de Galiza comunicoulles que até o momento non conta con ningunha previsión temporal para a publicación da orde porque a situación sanitaria impedía que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

puidesen realizar con “normalidade” as estadias no estranxeiro previstas na modalidade A.

Cómpre lembrar que estes contratos posdoutorais divídense en dúas modalidades, A e B. Na primeira fase, para a que se adxudican 46 prazas, as persoas investigadoras teñen que desenvolver durante dous anos o seu traballo de investigación fóra de Galiza nalgún dos países correspondentes ás tres zonas nas que se divide o programa:

Zona 1: Portugal ou Andorra.

Zona 2: Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América, agás EUA e Canadá.

Zona 3: EUA, Canadá, Asia ou Oceanía.

Sendo comprensíbel que a pandemia condicionase inicialmente a publicación da orde de axudas, resulta un paradoxo que non se convocasen aínda e que mesmo a Xunta non conte cunha previsión de cando se poderían convocar pois outros programas como as bolsas individuais *Marie Skłodowska-Curie (Individual Fellowships, IF)* da Comisión Europea, dirixidas tamén á mobilidade de investigadoras e investigadores, si o fixeron (o prazo de presentación dos proxectos rematou o 9 de setembro).

Desde o Bloque Nacionalista Galego somos moi críticas coas características que posúe o programa posdoutoral deseñado pola Xunta de Galiza que, como temos denunciado en numerosas ocasións, expulsa parte das persoas investigadoras ao reducir de maneira considerábel as prazas entre modalidades (das 46 da modalidade A fican apenas 21 para a B).

Porén, esta é, até o momento, a única vía para continuar coa carreira investigadora en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O feito de que un ano non se convoquen, como aconteceu en 2015, prexudicaría enormemente a carreira daquelas persoas que deciden dedicarse á ciencia e á investigación no noso país. Un camiño inzado de pedras antes da COVID-19.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Vai convocar a Xunta de Galiza as axudas posdoutorais correspondentes a 2020?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2020 16:41:10



A Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade pola necesidade dunha explicación nesta cámara por parte do conselleiro do Medio rural, ante a controversia xerada polas súas palabras nas redes sociais.

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia estableceu un novo aplicativo para tramitar as solicitudes de curta de madeira, “CORWEB”. Pola dificultade que establece este novo procedemento, debido a que no medio rural galego, cunha poboación moi envellecida e cuxo recurso enerxético principal para quentar as súas vivendas é a leña, que na maioría dos casos non é usuaria destes novos medios de acceso á xestión telemática para a tramitación de solicitudes. Ante esta situación, a Asociación profesional de axentes e diversas organizacións sindicais manifestaron o seu desacordo en varias ocasións a través das redes sociais, a esta recente modificación da tramitación dun aproveitamento forestal exclusivamente a través de medios telemáticos, xa que vén a complicarlles enormemente a vida, obrigándolles a acudir a xestorías ou outros medios privados de pago para cumprir coa normativa vixente.

A maioría dos axentes, facéndose cargo da situación, auxiliaban presencialmente e de forma voluntaria aos administrados nos trámites para obter os permisos ou comunicacións, enchendo os formularios na solicitude correspondente, realizándoa na forma clásica, é dicir, en papel e dándollos a asinar ao interesado ou interesada, para o seu posterior rexistro.

No momento en que se impuxo o uso do aplicativo, os funcionarios da escala de Axentes Facultativos Medioambientais non teñen ningunha posibilidade de continuar con este labor, xa que para o acceso ao trámite, o interesado debe de dispoñer dun certificado dixital ou unha “chave 365” e facelo, persoalmente, a través dun equipo informático ou dun teléfono intelixente coa aplicación instalada.

Ante unha destas críticas, o Sr. conselleiro, na rede social *Twitter*, o día 19 de novembro, anunciaba a posibilidade de realizar o trámite a través de chamada telefónica ao teléfono de información da Xunta de Galicia, “012”, á vez que



insinuaba que existían funcionarios que cobraban polo trámite, “Ou que non se vai poder é cobrar comisión a ninguén por facerlle vós trámites.”, afirmaba o conselleiro.

A indignación de moitos integrantes do colectivo é maiúscula e a fervenza de respostas ao *Tweet* foi abafadora. UXT, Aprafoga, e numerosos axentes, de forma individual, contestaban ao *Tweet*, pero dende a dita rede social o conselleiro non deu probas da súa acusación e continuou confrontando cos axentes que lle pedían rectificación, incluso con contestacións como “Non, non. Equivocádesvos vós de camiño empezando unha batalla contra a Consellería. Mellor rectificar a tempo” Dende o Grupo Parlamentario Socialista, cualificamos de gravísimas e inaceptables as acusacións do conselleiro do Medio Rural sobre os traballadores e traballadoras da súa consellaría e a súa honorabilidade, ás que debería de achegar probas ou retractarse e pedir desculpas públicas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan ao Sr. conselleiro do Medio Rural:

Cales son as probas das acusacións vertidas por vostede nas redes sociais, sobre supostos cobros de traballadores da Consellería do Medio Rural á cidadanía por axudar a tramitar as solicitudes de curta de madeira?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 30/11/2020 18:11:51

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/11/2020 18:12:07



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, respalda Vd. que se tomen represalias contra o doutor responsable de xinecoloxía do paridoiro do Hospital de Verín un ano despois de que vd. tentara pechalo?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/11/2020 18:18:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo, vai deseñar unha estratexia para que Galiza reciba o financiamento necesario para a reactivación económica?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/11/2020 18:15:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a auditoría da Xunta de Galiza ás residencias de maiores galegas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido ao interese público que suscita a situación xerada pola COVID-19 nos centros residenciais galegos e o impacto que a pandemia tivo e está a ter nos mesmos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na súa comparecencia na Comisión de reactivación social, económica e cultural, o director xeral de asistencia socio-sanitaria sinalou que a Xunta de Galiza está a desenvolver unha auditoría nas residencias de maiores galegas.

Neste senso, non afondou en cantos e cales centros se está a desenvolver nin tampouco o contido exacto da avaliación mais si indicou que se procede a través dunha check list ou listaxe de verificación.

Descoñecemos, igualmente, o obxecto de estudo desta auditoría, se se trata só da avaliación do estado das residencias a respecto da COVID-19, se vai alén diso para valorar a situación na que se atopa a atención das persoas usuarias destas institucións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sociais e se visa obter unha radiografía máis ampla que sirva de diagnose cara ao deseño do novo modelo de residencias anunciado pola Xunta de Galiza.

As residencias de maiores foron, e seguen a ser, un dos principais focos de contaxio durante a pandemia da COVID19. Centos de persoas usuarias e traballadoras destes centros víronse contaxiadas pola COVID19 e máis do 40% das persoas falecidas eran residentes.

Analizar o que aconteceu ao longo dos últimos meses en Galiza e, especialmente, nas residencias de maiores é unha obriga ética para calquera goberno e todo o acontecido debe servir para mudar un modelo de residencias que arrastra eivas, carencias e deficiencias desde antes da chegada do SARS-COV2.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Cando comezou a Xunta de Galiza a realizar a auditoría nas residencias de maiores galegas?

Cantas residencias van ser auditadas?

Cales son os ítems da check list empregada no proceso de avaliación?

Cal é o obxectivo da auditoría?

Quen está a facer a auditoría e de que maneira? Inclúe a mesma entrevistas a persoas da dirección, do cadro de persoal e residentes?

Que prazos temporais manexa a Xunta de Galiza para a súa realización?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Publicitará o goberno galego o seu resultado?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2020 09:52:52

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2020 09:52:56

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2020 09:53:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre a construción de sete novas residencias de maiores en Galiza e o seu encaixe nun novo modelo residencial postCOVID.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola necesidade de que o Parlamento de Galiza se posicione á menor brevidade sobre o asunto a tratar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai catro anos a Xunta de Galiza vén anunciando a construción de sete novas residencias de maiores nas sete grandes cidades galegas: Lugo, Ourense, Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Compostela con 120 e 150 prazas.

Inicialmente, anunciáronse os proxectos como unha iniciativa pública, impulsada e financiada polo propio goberno galego baixo o paraugas do plan *Como na casa*. Porén, transcorridos os anos e sen materializar ningún dos anuncios, a Xunta de Galiza fixo público que as sete residencias serían financiadas pola Fundación Amancio Ortega a través da sinatura dun convenio (en setembro de 2019) dotado con 90 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza conta cun déficit de prazas de residencias de acordo cos parámetros establecidos pola OMS (5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos) ficando apenas no 3%, se computamos as públicas e privadas, en un pírrico 2% se apenas contabilizamos as prazas públicas.

Porén, malia a necesidade de aumentar as prazas, a pandemia da COVID19 puxo de manifestou que as grandes residencias (aquelas que contan con máis de 120 prazas segundo a normativa vixente) non é o modelo a seguir.

De facto, malia non contarmos cun estudo detallado do caso galego, auditorías realizadas noutros territorios como Navarra sobre o impacto da COVID19 nos centros residenciais, evidencian que aqueles con máis de 100 usuarias e usuarios teñen cinco veces máis probabilidades de ser altamente afectadas por un virus destas características que aquelas que contan con menos de cen usuarios.

Para o Bloque Nacionalista Galego o modelo de residencias que debería implantarse en Galiza pasa por centros máis dimensionados, de menor tamaño, cunha atención socio-sanitaria integrada na contorna, rateos de persoal suficientes e, por suposto, públicos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Cre a Xunta de Galiza, despois de todo o vivido durante a pandemia, que os centros residenciais con máis de cen usuarias son o modelo a seguir?

Pensa modificar o Goberno galego os seus plans na construción de sete novas residencias de maiores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que condicións recolle o convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega en canto á construción, titularidade e xestión das residencias?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2020 10:52:25

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2020 10:52:37

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2020 10:52:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia,** sobre a situación das mulleres embarazadas en Ourense.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A grave situación de desatención na cidade e comarca de Ourense das mulleres embarazadas, que están a ver vulnerados os seus dereitos a unha adecuada preparación e información para o desenvolvemento do parto e outros elementos do exercicio da maternidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 27 de novembro varias embarazadas da cidade de Ourense facían público un comunicado no que denunciaban a súa situación de desamparo e vulneración de dereitos ao serlles negada a formación e atención correspondente co terceiro trimestre de embarazo no seu centro de saúde, o Centro de Saúde da cuña, e no centro ao que foron derivadas, o Centro de Saúde do Couto, baixo a desculpa da situación de pandemia e da baixa dunha matrona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde hai meses, este Grupo Parlamentario ten denunciado a situación de práctica clausura da Atención Primaria unha vez superado o primeiro Estado de Alarma e o confinamento domiciliario, e a non recuperación, planificación e oferta adaptada ás restricións sanitarias de numerosos servizos sanitarios que non poden ser eliminados ou substituídos por unha atención telefónica que, ademais, non está garantida nun prazo razoábel de tempo. Un deses servizos son as clases de preparación para o parto ou educación maternal que o servizo galego de saúde ofrece ás mulleres embarazadas que están no último trimestre.

Este tipo de preparación está recollida nas recomendacións ministeriais, asumidas polo SERGAS, da *Guía de práctica clínica de atención en el embarazo y puerperio*. Neste documento de referencia sinálanse recomendacións para a atención durante o embarazo, entre as que está “*ofrecer a todas as xestantes e as súas parellas, a oportunidade de participar nun programa de preparación ao nacemento co fin de adquirir coñecementos e habilidades relacionadas co embarazo, o parto, os coidados do puerperio, do/da recém nacido/a e coa lactancia*” e o coñecemento que se fornece é fundamental para tomar decisións respecto do plan de parto, para alén do coñecemento e autoconñecemento para afrontar o proceso con maior tranquilidade e calidade.

É inaceptable que despois de máis de oito meses de pandemia non exista unha adaptación deste tipo de formacións á realidade marcada pola covid-19, máis aínda cando existen experiencias impulsadas por profesionais que poden servir de guía, como a formación en liña impulsada polas profesionais do Hospital de Verín.

Ademais, esta situación amosa as consecuencias da falta de matronas e de persoal de enfermaría e persoal, en xeral, de Atención Primaria. Se isto acontece no centro da terceira cidade de Galiza, é só a punta do iceberg dun problema meirande que debe ser situado como prioridade por parte da Consellaría de Sanidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, cómpre engadir que, respecto da atención a embarazadas e poboación infantil, estamos diante dun deterioro máis na cidade e na provincia de Ourense, que é xa insostible. Durante anos as organizacións sindicais e a Asociación galega de matronas teñen denunciado a falta deste perfil profesional en Ourense, o menor número de Galiza e que leva a que moitas profesionais teñan que desenvolver o seu labor de forma itinerante entre diferentes centros de saúde e concellos cunhas ratios inaceptables.

Esta situación súmase á xa denunciada unificación da planta de lactantes e de crianzas escolares e preescolares no CHUO, unidas sen explicación nin aval científico desde os meses de verán única e exclusivamente para aforrar persoal.

Cómpre recordar que a unidade de lactantes abrangue até os dous anos de idade, aténdense en moitas ocasións bebés de poucos días e crianzas con atencións moi específicas. No que respecta á unidade de preescolares/escolares estamos a falar de nenos e nenas entre 2 e 14 anos, e en ocasións mesmo de ingresos puntuais de pacientes de ata 17 anos por criterio facultativo. A abordaxe e atención é diferente e debe terse en conta que neste abano atópanse situacións que requiren tamén dun seguimento continuado, que é incompatíbel coa atención en paralelo de crianzas de idades máis temperás. Polo tanto, non é xustificable unificar estes dous servizos, nin por comodidade e benestar das nais e as crianzas, nin por seguridade, nin para garantir unha mellor atención por parte do persoal.

Estes feitos súmanse á inexistencia dun servizo propio de cirurxía pediátrica e ás denuncias respecto da violencia obstétrica que este mesmo 25 de novembro denunciaban diferentes organizacións feministas e de apoio á lactancia materna en Ourense, dirixindo reclamacións ao SERGAS e ao CHUO.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É grave que ao mesmo tempo que o goberno galego impulsa un proxecto de lei para atallar a crise demográfica, no que basicamente se arbitran medidas natalistas que responsabilizan ás mulleres galegas da falta de nacementos, no lugar do país onde máis grave é esta crise se vulneren reiteradamente os dereitos das embarazadas e das crianzas, convertendo a maternidade nunha carreira de obstáculos e na procura constante de dereitos que deberan estar cubertos pola administración galega desde o minuto cero.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir unha adecuada atención ás mulleres embarazadas de Ourense?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir os dereitos das mulleres a recibir formación e apoio durante o embarazo por parte de matronas especialistas e en centros de saúde próximos ao seu domicilio?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para que a covid-19 e as restricións de acceso ao sistema sanitario non teñan como consecuencia a falta de información e a desatención para as mulleres xestantes? Considera que foron garantidos os seus dereitos?

Cal é o número total de matronas traballando na cidade de Ourense? E na provincia? Considera a Xunta de Galiza que é suficiente?

Por que a Xunta de Galiza non seguiu o “modelo Verín” para garantir apoio en liña e telefónico ás mulleres susceptibles de preparárense para o parto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que a Xunta de Galiza permite que ser nai en Ourense teña menos facilidades e dereitos que noutros puntos do país? Considera que é responsable? Cre o goberno galego que envía unha boa mensaxe á sociedade cando non facilita que en Ourense se poida ser nai cos mesmos dereitos e facilidades que noutros puntos do país?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2020

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/11/2020 12:26:27

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/11/2020 12:26:37

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2020 12:26:46

María Montserrat Prado Cores na data 30/11/2020 12:26:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2020 12:38:22
Nº Rexistro: 5951
Data envío: 30/11/2020 12:38:22.449

Olalla Rodil Fernández na data 30/11/2020 12:27:10



Á Mesa do Parlamento

Isaura Abelairas Rodríguez, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo estase a mobilizar para reclamar o reforzo de efectivos que levan demandando dende o inicio da pandemia do coronavirus.

Dende o Comité da concesionaria de limpeza alertan de que a falta de persoal e o incremento dos protocolos hixiénicos derivados da alarma sanitaria levan meses provocando unha sobrecarga de traballo e un estrés laboral prolongado entre o persoal. Lembran que o pasado 13 de marzo solicitaron a empresa e ao Sergas que reforzase o servizo, como se estaba a facer noutros hospitais públicos galegos, mediante a habilitación dunha partida económica especial.

No Hospital Álvaro Cunqueiro non se fixo nada, seguramente porque é un hospital privatizado, e as empresas que o xestionan non queren investir e o Sergas mira cara outro lado.

Nesta situación onde a precaución debería ser extrema tamén se está intentando utilizando caixas de cartón para a recollida de residuos sanitarios co risco que iso supón para a propagación non so da covid-19, tamén doutros virus e bacterias.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia a situación na que se atopa o persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?
2. Ante o incremento das medidas de hixiene pola covid-19, e a escaseza de persoal de limpeza, nos centros hospitalarios, vai a Xunta de Galicia a habilitar unha partida para reforzar o mesmo?
3. Ten coñecemento a Xunta de Galicia do uso das caixas de cartón, sen as mínimas garantías, para levar a cabo a recollida de residuos sanitarios?



4. Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo algunha actuación en relación ao persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 20/11/2020 09:48:38

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/11/2020 09:48:49

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2020 09:48:56

Marina Ortega Otero na data 20/11/2020 09:49:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a reactivación dos consultorios médicos de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após de ser decretado o estado de alarma no pasado mes de marzo a raíz da COVID-19, o SERGAS tomou a decisión de pechar centros de saúde, e tamén e moi especialmente diversos consultorios en todo o país.

O motivo alegado foi que nese tipo de centros non era doado poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus, tanto de profesionais como de doentes, en especial pola imposibilidade de establecer circuítos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e/ou respiratorias.

Aquel primeiro estado de alarma foi levantado o pasado 21 de xuño e, a día de hoxe, moitos deses centros seguen pechados e non parece que a intención da Consellería de Sanidade sexa abrílos a curto prazo.

É o caso dos consultorios de Taragoña, no concello de Rianxo, e do de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, que segundo os últimos datos publicados na páxina da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, levaron a cabo en 2017 7.031 e 7.397 consultas de medicina xeral e 5.141 e 3.329 de enfermería, respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O caso do peche do consultorio de Cabo de Cruz xa ten sido tratado no parlamento galego en varias ocasións porque viña sendo unha práctica habitual durante os veráns, segundo a Consellaría por “reorganización asistencial no período estival para compatibilizar as vacacións do persoal”. Este ano, a día de hoxe continúa pechado.

Deste xeito, preto de 3.000 persoas adscritas a estes consultorios pasaron de ter unha atención sanitaria próxima e presencial a ter que ser atendidas telefonicamente ou a desprazarse aos centros de saúde de Rianxo e Boiro onde se centralizaron todos os servizos.

Estes desprazamentos, en autobús, taxi, coche particular ou dependendo doutras persoas, supoñen en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias e, ao mesmo tempo, ser atendidos e atendidas nuns centros de saúde xa con sobrecarga de traballo.

Ademais destes, os consultorios de Palmeira e Corrubedo, no concello de Ribeira, tamén permaneceron pechados temporalmente no mes de maio trasladando aos seus médicos ao centro de saúde de Ribeira dun xeito unilateral por parte da Consellería e en plena crise sanitaria.

No BNG sumámonos á preocupación da veciñanza destes lugares que ve pasar os meses e o que se podería entender como unha medida de urxencia estase a converter en definitiva, e todo parece indicar que o SERGAS ten a intención de consolidar o seu peche como irreversible.

Por outro lado, tamén é motivo de atención o mal estado no que xa se atopaban estes consultorios mesmo antes da chegada da pandemia. E, no caso da comarca da Barbanza, podemos engadir tamén a falla de mantemento acusado nos consultorios de Corrubedo e Aguiño, no concello de Ribeira, que, entre os dous, atenden a unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación de máis de 3.000 persoas. Con todo, o caso máis grave é o de Cabo de Cruz, onde o consultorio ubícase nun espazo pouco axeitado, en moi malas condicións, e onde mesmo a falla de limpeza é chamativa.

Nestes centros nada se sabe do compromiso adquirido entre a Xunta e a FEGAMP mediante o que o SERGAS asumiría, a partir de 2007, os gastos de mantemento dos centros de saúde pertencentes á rede pública sanitaria galega. Un traspaso que se enmarcaba dentro do pacto local asinado no 2006 pero cuxa aplicación, 14 anos despois, está pendente aínda. E é así que nunha grande parte do noso país, seguen a ser os axustadísimos orzamentos dos pequenos concellos -xa desbordados pola obriga de asumiren gastos impropios dende o inicio da pandemia- os encargados dos gastos de mantemento dos centros de saúde e dos consultorios.

E finalmente, outro elemento común entre eles vén sendo a sensación de abandono dos seus e das súas profesionais por parte da administración sanitaria, a falla de supervisión e coordinación que existe desde a coordinación de atención primaria que, tamén pola seu exceso de carga de traballo e carencia de medios, vese imposibilitada para atender as demandas dos centros periféricos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Vai reactivar o goberno galego a atención sanitaria presencial nos consultorios médicos de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro)?. De ser así, en que prazo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Valora a Xunta de Galiza que os veciños e veciñas atendidas ata a chegada da pandemia neses consultorios están a recibir na actualidade unha atención sanitaria de calidade?

Considera a Xunta de Galiza que a atención telefónica e os desprazamentos de preto de 3.000 persoas deses concellos son alternativas?. De ser así, valora que inciden positivamente na saúde e seguridade das persoas afectadas?

Vai dar cumprimento a Xunta de Galiza ao Pacto Local asinado coa FEGAMP no ano 2006 e, polo tanto, asumir os gastos de mantemento dos centros de saúde e dos consultorios nos casos nos que aínda están a cargo dos concellos?

En virtude do Pacto Local asinado en 2006 coa FEGAMP, cantos centros de saúde foron asumidos pola Xunta de Galiza nos últimos once anos? E cantos permanecen aínda na actualidade en mans dos concellos?

Que medidas vai tomar o goberno galego para que o traballo dos e das profesionais dos consultorios médicos periféricos ubicados na comarca da Barbanza teña conexión real coa coordinación de atención primaria e deixen de padecer a sensación de abandono, falla de supervisión e desatención das súas demandas que sofren na actualidade?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2020 12:09:19

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2020 12:09:31

Iria Carreira Pazos na data 20/11/2020 12:09:40

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2020 12:09:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os protocolos de prevención e material de protección fronte á COVID-19 das traballadoras do SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo sociosanitario fundamental e esencial para a atención á dependencia. Malia que o centro de traballo non son infraestruturas sociais como acontece nos centros de día ou residencias de maiores, as traballadoras a usuarias vulnerábeis polo que a pandemia da COVID-19 lles afecta en igual medida.

Porén, malia isto, desde que se declarou a emerxencia sanitaria as traballadoras do SAF son un colectivo invisibilizado ao que non se lle están a garantir as condicións de traballo necesarias para enfrontar unha pandemia.

Neste senso, o servizo non conta a día de hoxe cun protocolo único de prevención o que xera multiplicidade de situacións e procedementos en función do concello ou modelo de xestión que exista en cada lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De igual maneira, non contan co material de protección necesario nin moitas veces coa formación e información debida para atender a posíbeis casos positivos. Escasean as máscaras (máis aínda as de maior protección), as batas, as luvas ou o xel hidroalcohólico véndose na obriga en moitos casos de manter unha única máscara cirúrxica durante toda unha xornada de traballo na que poden visitar até cinco domicilios distintos.

Todos os servizos sociais, máis aínda aqueles que atenden persoas maiores en situación de dependencia, deben contar coas ferramentas e material indispensábel para garantir unhas condicións de traballo dignas e seguras non só para as usuarias e usuarios senón tamén, e moi especialmente, para as propias traballadoras.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cre a Xunta de Galiza que se están a garantir as condicións de seguridade e hixiénico-sanitarias debidas actualmente no SAF e diante da pandemia provocada pola COVID-19?
- Por que o Goberno galego non elaborou un protocolo específico e único para o SAF en materia de prevención da COVID-19?
- Pensa elaboralo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas persoas usuarias e traballadoras do SAF se contaxiaron con COVID-19 desde o mes de marzo até a actualidade?

- Adoptou ou vai adoptar algunha medida a Xunta de Galiza para garantir que as traballadoras do SAF, independentemente do modelo de xestión do servizo en cada concello, conte co material de prevención necesario?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 09:50:09

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 09:50:13

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 09:50:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre os criterios de reparto das embarcacións que faenan no País Vasco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema que está a aplicar a Consellaría do Mar para decidir que embarcacións poden pescar dentro das augas autonómicas do País Vasco, vén provocando un profundo malestar entre as entidades e embarcacións do cerco pola súa falla de transparencia e por consideralo moi pouco equitativo.

Nomeadamente, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) - formada pola inmensa maioría do sector do cerco en Galiza, 115 dos 152 barcos que figuran no censo do cerco segundo o propio rexistro de buques da Comunidade Autónoma- vén amosando dende hai tempo a súa disconformidade cos criterios empregados pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galiza.

Dende o ano 2008, só 5 embarcacións con porto base en Galiza poden faenar de xeito simultáneo cada semana en augas interiores do País Vasco.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Dirección Xeral de Pesca decide cales son esas 5 embarcacións a partir dun método que non parece o máis transparente e fiábel: Recibe as solicitudes por fax e, segundo a súa orde de entrada, remítense a Euskadi para que emita as autorizacións.

Como o número de solicitudes é superior ás autorizacións que se poden conceder, finalmente escóllese unha embarcación por asociación e seguindo a orde de entrada da solicitude.

O primeiro que chama a atención deste método é que se reparta unha embarcación por asociación cando non todas as asociacións son equiparábeis en canto ao número de embarcacións que aglutinan.

O segundo, aínda máis chamativo, é que a orde de entrada das solicitudes case sempre é acaparada polos mesmos barcos e non, precisamente, os pertencentes ás entidades que máis embarcacións teñen. Tanto é así, que na actualidade hai xa moitas confrarías que, como xestoras das solicitudes, caeron no desánimo e a incredulidade da equidade do sistema de reparto empregado e hai tempo que desistiron de envíasalas.

Deste xeito, para a Dirección Xeral de Pesca, todas as asociacións son tidas en conta por igual, independentemente de que contén con 115 barcos ou con 37, que son os que restan ata completar os que están inscritos no rexistro de buques de Galiza.

Con este criterio, as asociacións máis numerosas xa parten con desvantaxe. E, se a isto lle engadimos que, curiosamente, os fax que entran primeiro son moitas veces os mesmos, obtemos un resultado ben desigual, discriminatorio e que, dende logo, dá poderosas razóns a aqueles que manifestan reiteradamente as súas queixas en contra del.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A administración non debera, en ningún caso, ser parcial. A súa función é aplicar as normas dun xeito obxectivo, transparente, ponderado e razoado e, sobre todo, tentando unir a calquera sector que ten un obxectivo común.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

Que valoración fai o goberno galego do sistema que emprega para repartir as 5 licenzas a barcos de Galiza que poden faenar simultánea e semanalmente nas augas interiores do País Vasco?

Considera a Xunta de Galiza que ese sistema é mellorábel?

Se é así, está disposto a deseñar, de acordo co sector, e aprobar o que satisfaga á maioría del?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 10:40:15

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 10:40:30

Daniel Castro García na data 23/11/2020 10:40:40



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, Encarna Amigo Díaz, Borja Vereas Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O comercio de proximidade supón un sector de gran interese, tanto pola súa destacada repercusión no emprego e na actividade económica das nosas vilas, pobos e cidades, como por ser un elemento para a cohesión da vida comunitaria.

Ademais, presenta certas vantaxes fronte a outros formatos comerciais como a reinversión das ganancias na contorna máis próxima ou a xeración de ciclos de distribución máis curtos, o que supón un menor impacto ambiental e, por tanto, un modelo de consumo máis sostible.

A pesar destas vantaxes, o comercio de proximidade está a afrontar nos últimos anos retos moi relevantes, como é unha forte competencia doutros formatos comerciais (grandes superficies) ou dos modelos de venda a través da rede internet.

A Xunta de Galicia vén despregando nos últimos anos unha intensa actividade en apoio ao pequeno comercio de Galicia, e da Mariña en particular, co fin de promover melloras na competitividade e organización do sector, facilitar un relanzamento do pequeno comercio e fomentar compras.

Agora ademais, ás axudas de convocatoria ordinaria hai que sumar as dirixidas á reactivación do sector terciario durante a crise sanitaria, interrompida de xeito intermitente polas restricións periódicas derivadas da pandemia, que fan preciso seguir potenciando estas e outras medidas que minoren o impacto que se espera sobre a economía e o emprego deste sector.



Po todo o explicado, as ordes de apoio ordinario unidas á posta en marcha dos plans de reactivación comercial ofrecen un soporte necesario ao sector comercial especialmente relevante nos últimos meses.

Cómpre lembrar que sen estas axudas da Xunta, os pequenos negocios, por diversidade e distribución espacial, non posúen, en moitas ocasións, de estrutura nin capacidade organizativa para actuar de forma individual fronte á actual crise sanitaria e as súas consecuencias.

2. Ante o incremento das medidas de hixiene pola covid-19, e a escaseza de persoal de limpeza, nos centros hospitalarios, vai a Xunta de Galicia a habilitar unha partida para reforzar o mesmo?
3. Ten coñecemento a Xunta de Galicia do uso das caixas de cartón, sen as mínimas garantías, para levar a cabo a recollida de residuos sanitarios?



4. Vai a Xunta de Galicia a levar a cabo algunha actuación en relación ao persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro?

Pazo do Parlamento, 20 de novembro do 2020

Asdo.: Isaura Abelairas Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 20/11/2020 09:47:43

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/11/2020 09:47:52

Julio Torrado Quintela na data 20/11/2020 09:48:00

Marina Ortega Otero na data 20/11/2020 09:48:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reactivación dos consultorios médicos de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após de ser decretado o estado de alarma no pasado mes de marzo a raíz da COVID-19, o SERGAS tomou a decisión de pechar centros de saúde, e tamén e moi especialmente diversos consultorios en todo o país.

O motivo alegado foi que nese tipo de centros non era doado poñer en práctica as medidas de protección para evitar o contaxio polo virus, tanto de profesionais como de doentes, en especial pola imposibilidade de establecer circuítos diferenciados para persoas con patoloxías habituais e/ou respiratorias.

Aquel primeiro estado de alarma foi levantado o pasado 21 de xuño e, a día de hoxe, moitos deses centros seguen pechados e non parece que a intención da Consellería de Sanidade sexa abrílos a curto prazo.

É o caso dos consultorios de Taragoña, no concello de Rianxo, e do de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, que segundo os últimos datos publicados na páxina da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, levaron a cabo en 2017 7.031 e 7.397 consultas de medicina xeral e 5.141 e 3.329 de enfermería, respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O caso do peche do consultorio de Cabo de Cruz xa ten sido tratado no parlamento galego en varias ocasións porque viña sendo unha práctica habitual durante os veráns, segundo a Consellaría por “reorganización asistencial no período estival para compatibilizar as vacacións do persoal”. Este ano, a día de hoxe continúa pechado.

Deste xeito, preto de 3.000 persoas adscritas a estes consultorios pasaron de ter unha atención sanitaria próxima e presencial a ter que ser atendidas telefonicamente ou a desprazarse aos centros de saúde de Rianxo e Boiro onde se centralizaron todos os servizos.

Estes desprazamentos, en autobús, taxi, coche particular ou dependendo doutras persoas, supoñen en primeiro lugar un gasto económico para os usuarios e usuarias e, ao mesmo tempo, ser atendidos e atendidas nuns centros de saúde xa con sobrecarga de traballo.

Ademais destes, os consultorios de Palmeira e Corrubedo, no concello de Ribeira, tamén permaneceron pechados temporalmente no mes de maio trasladando aos seus médicos ao centro de saúde de Ribeira dun xeito unilateral por parte da Consellería e en plena crise sanitaria.

No BNG sumámonos á preocupación da veciñanza destes lugares que ve pasar os meses e o que se podería entender como unha medida de urxencia estase a converter en definitiva, e todo parece indicar que o SERGAS ten a intención de consolidar o seu peche como irreversible.

Por outro lado, tamén é motivo de atención o mal estado no que xa se atopaban estes consultorios mesmo antes da chegada da pandemia. E, no caso da comarca da Barbanza, podemos engadir tamén a falla de mantemento acusado nos consultorios de Corrubedo e Aguiño, no concello de Ribeira, que, entre os dous, atenden a unha





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación de máis de 3.000 persoas. Con todo, o caso máis grave é o de Cabo de Cruz, onde o consultorio ubícase nun espazo pouco axeitado, en moi malas condicións, e onde mesmo a falla de limpeza é chamativa.

Nestes centros nada se sabe do compromiso adquirido entre a Xunta e a FEGAMP mediante o que o SERGAS asumiría, a partir de 2007, os gastos de mantemento dos centros de saúde pertencentes á rede pública sanitaria galega. Un traspaso que se enmarcaba dentro do pacto local asinado no 2006 pero cuxa aplicación, 14 anos despois, está pendente aínda. E é así que nunha grande parte do noso país, seguen a ser os axustadísimos orzamentos dos pequenos concellos -xa desbordados pola obriga de asumiren gastos impropios dende o inicio da pandemia- os encargados dos gastos de mantemento dos centros de saúde e dos consultorios.

E finalmente, outro elemento común entre eles vén sendo a sensación de abandono dos seus e das súas profesionais por parte da administración sanitaria, a falla de supervisión e coordinación que existe desde a coordinación de atención primaria que, tamén pola seu exceso de carga de traballo e carencia de medios, vese imposibilitada para atender as demandas dos centros periféricos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai reactivar o goberno galego a atención sanitaria presencial nos consultorios médicos de Taragoña (Rianxo) e Cabo de Cruz (Boiro)?. De ser así, en que prazo?

Valora a Xunta de Galiza que os veciños e veciñas atendidas ata a chegada da pandemia neses consultorios están a recibir na actualidade unha atención sanitaria de calidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que a atención telefónica e os desprazamentos de preto de 3.000 persoas deses concellos son alternativas?. De ser así, valora que inciden positivamente na saúde e seguridade das persoas afectadas?

Vai dar cumprimento a Xunta de Galiza ao Pacto Local asinado coa FEGAMP no ano 2006 e, polo tanto, asumir os gastos de mantemento dos centros de saúde e dos consultorios nos casos nos que aínda están a cargo dos concellos?

En virtude do Pacto Local asinado en 2006 coa FEGAMP, cantos centros de saúde foron asumidos pola Xunta de Galiza nos últimos once anos? E cantos permanecen aínda na actualidade en mans dos concellos?

Que medidas vai tomar o goberno galego para que o traballo dos e das profesionais dos consultorios médicos periféricos ubicados na comarca da Barbanza teña conexión real coa coordinación de atención primaria e deixen de padecer a sensación de abandono, falla de supervisión e desatención das súas demandas que sofren na actualidade?

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2020 12:08:26

María Montserrat Prado Cores na data 20/11/2020 12:08:34

Iria Carreira Pazos na data 20/11/2020 12:08:43

Olalla Rodil Fernández na data 20/11/2020 12:08:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao expediente incoado a un profesional do Hospital de Verín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de novembro o Diario do Támega avanzaba en exclusiva que presuntamente a xerencia de Ourense tería incoado un expediente disciplinario contra o xefe de xinecoloxía do hospital de Verín, Francisco Javier Castrillo por discrepar dun traslado ao Hospital de Ourense o pasado 30 de novembro.

Hai que recordar que o pasado 22 de novembro de 2019 unha delegación da dirección da EOXI de Ourense, Verín e Valdeorras liderada polo xerente, Félix Ruibal, comunicaba ás e aos profesionais do Hospital de Verín que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de sala de partos nin tampouco habería gardas de pediatría hospitalaria. Esta decisión chegaba despois dunha longa lista de agravios con este Hospital e foi contestada na rúa, tanto nunha histórica manifestación o pasado 30 de novembro de 2019, que foi contestada en mobilizacións feministas convocadas o pasado 4 de decembro en numerosas localidades do país e en constantes mobilizacións na comarca, na cidade de Ourense e cunha repulsa política xeral en Ourense e na oposición do Parlamento Galego. Finalmente, a Xunta tivo que rectificar e reabrir a sala de partos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outros feitos graves, o BNG e o feminismo denunciaron no seu día situacións como a vivida o 12 de decembro, cando se produciu un parto de urxencia e a velocidade de dilatación era tal que o persoal sanitario de Verín decidiu atender o nacemento no hospital comarcal e evitar os riscos dun traslado. Posteriormente sucedéronse graves feitos que precisaron a concorrencia do aparello xudicial e que remataron coa crianza sendo despoxada da súa nai e trasladada de forma separada até Ourense, con horas de diferenza, incumprindo os protocolos na materia e tendo posteriormente ademais un deficiente trato á nai unha vez chegada ao CHUO. Estes feitos constitúen un exemplo de violencia contra as mulleres e non foron investigados polo que sorprende que agora se coñeza un procedemento deste calibre contra un profesional que se significou publicamente a favor do mantemento do servizo en Verín e sobre un feito – a discrepancia sobre un traslado- que aparentemente foi inocuo canto ás súas consecuencias.

Esta situación parece a mostra dunha presión política máis por parte da dirección de Ruibal e da política da Xunta de Galiza para coartar ás e os profesionais críticos coas súas decisións, polo que é preciso que se dean explicacións ao respecto.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cales son as razóns de que a dirección sanitaria de Ourense presuntamente incoara, meses despois dun acontecemento aparentemente inocuo, un expediente a un profesional do Hospital de Verín?

Cantos expedientes se incoaron respecto deste Hospital ou o de Ourense no ámbito dos servizos de xinecoloxía e pediatría desde novembro de 2019? Por que razóns? Con que resultado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son os feitos estudados ou investigados pola dirección?

Por que se da a demora de case un ano?

Cales son as acusacións?

Considera a Xunta de Galiza que esta situación está eximida de ser unha represión política?

Investigáronse feitos como os relatados respecto de separacións forzosas de nais e bebés? Non considera a Xunta de Galiza necesario facelo?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2020 09:21:09

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 09:21:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 09:21:34

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 09:21:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os protocolos de prevención e material de protección fronte á COVID-19 das traballadoras do SAF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo sociosanitario fundamental e esencial para a atención á dependencia. Malia que o centro de traballo non son infraestruturas sociais como acontece nos centros de día ou residencias de maiores, as traballadoras a usuarias vulnerábeis polo que a pandemia da COVID-19 lles afecta en igual medida.

Porén, malia isto, desde que se declarou a emerxencia sanitaria as traballadoras do SAF son un colectivo invisibilizado ao que non se lle están a garantir as condicións de traballo necesarias para enfrontar unha pandemia.

Neste senso, o servizo non conta a día de hoxe cun protocolo único de prevención o que xera multiplicidade de situacións e procedementos en función do concello ou modelo de xestión que exista en cada lugar.

De igual maneira, non contan co material de protección necesario nin moitas veces coa formación e información debida para atender a posíbeis casos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

positivos. Escasean as máscaras (máis aínda as de maior protección), as batas, as luvas ou o xel hidroalcohólico véndose na obriga en moitos casos de manter unha única máscara cirúrxica durante toda unha xornada de traballo na que poden visitar até cinco domicilios distintos.

Todos os servizos sociais, máis aínda aqueles que atenden persoas maiores en situación de dependencia, deben contar coas ferramentas e material indispensábel para garantir unhas condicións de traballo dignas e seguras non só para as usuarias e usuarios senón tamén, e moi especialmente, para as propias traballadoras.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre a Xunta de Galiza que se están a garantir as condicións de seguridade e hixiénico-sanitarias debidas actualmente no SAF e diante da pandemia provocada pola COVID-19?
- Por que o Goberno galego non elaborou un protocolo específico e único para o SAF en materia de prevención da COVID-19?
- Pensa elaboralo?
- Cantas persoas usuarias e traballadoras do SAF se contaxiaron con COVID-19 desde o mes de marzo até a actualidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Adoptou ou vai adoptar algunha medida a Xunta de Galiza para garantir que as traballadoras do SAF, independentemente do modelo de xestión do servizo en cada concello, conte co material de prevención necesario?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 09:51:35

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 09:51:45

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 09:51:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao cese de Don Ángel Bernardo Tahoces das súas funcións como Director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 20 de novembro coñecíase a decisión do goberno galego de cesar Ángel Bernardo Tahoces das súas funcións como Director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, área na que estaba implicado desde que no ano 2009 é nomeado director xeral de Industria, Enerxía e Minas. Esta decisión é sorpresiva por suceder pouco despois da constitución do novo equipo de goberno e pola coincidencia temporal coa presentación de datos sobre os orzamentos, que acaparan a atención mediática, polo que parece claramente intencionado.

Cómpre recordar que en abril de 2019 fíxose público que a Fiscalía de Medio Ambiente viña de prever a declaración ante a xustiza do director xeral de minas, Ángel Bernardo Tahoces, quen debía responder polas súas instrucións e actuacións respecto da polémica reapertura da mina de San Finx, en Lousame, denunciada por Verdegaiia e colectivos ecoloxistas e onde presuntamente se terían desenvolvido varias actuacións irregulares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta cuestión sumábase á praxe da consellaría, liderada por Francisco Conde, en materia de falta de información reiteradamente denunciado por diversos colectivos ante a Valedoría do Pobo, o Parlamento Galego e mesmo as institucións europeas. E vén de sumarse tamén a unha política industrial errática que non ten o acompañamento da necesaria fiscalización das operacións industriais e as súas obrigas en materia de restauración ambiental e que, pola contra, ten numerosas mostras de deixadez intencionada como amosan os casos de Touro ou Alberta I.

Esta situación parece a mostra dunha presión política máis por parte da dirección de Ruibal e da política da Xunta de Galiza para coartar ás e os profesionais críticos coas súas decisións, polo que é preciso que se dean explicacións ao respecto.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para escrita:

Responde este cese a unha estratexia da Consellaría de Economía e da Xunta de Galiza para autoexculparse das irregularidades constantes na tramitación de importantes proxectos mineiros e industriais en Galiza?

Ten novidades a Xunta de Galiza respecto de procesos xudiciais que teñan quen ver con algún alto cargo da Consellaría?

As recentes irregularidades denunciadas por colectivos sociais, responden a unha estratexia deliberada de omisión de funcións por parte do goberno da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2020 10:06:29

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 10:06:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2020 10:06:46

Daniel Pérez López na data 23/11/2020 10:06:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os criterios de reparto das embarcacións que faenan no País Vasco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema que está a aplicar a Consellaría do Mar para decidir que embarcacións poden pescar dentro das augas autonómicas do País Vasco, vén provocando un profundo malestar entre as entidades e embarcacións do cerco pola súa falla de transparencia e por consideralo moi pouco equitativo.

Nomeadamente, a Asociación de Armadores do Cerco de Galicia (ACERGA) - formada pola inmensa maioría do sector do cerco en Galiza, 115 dos 152 barcos que figuran no censo do cerco segundo o propio rexistro de buques da Comunidade Autónoma- vén amosando dende hai tempo a súa disconformidade cos criterios empregados pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galiza.

Dende o ano 2008, só 5 embarcacións con porto base en Galiza poden faenar de xeito simultáneo cada semana en augas interiores do País Vasco.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Dirección Xeral de Pesca decide cales son esas 5 embarcacións a partir dun método que non parece o máis transparente e fiábel: Recibe as solicitudes por fax e, segundo a súa orde de entrada, remítense a Euskadi para que emita as autorizacións.

Como o número de solicitudes é superior ás autorizacións que se poden conceder, finalmente escóllese unha embarcación por asociación e seguindo a orde de entrada da solicitude.

O primeiro que chama a atención deste método é que se reparta unha embarcación por asociación cando non todas as asociacións son equiparábeis en canto ao número de embarcacións que aglutinan.

O segundo, aínda máis chamativo, é que a orde de entrada das solicitudes case sempre é acaparada polos mesmos barcos e non, precisamente, os pertencentes ás entidades que máis embarcacións teñen. Tanto é así, que na actualidade hai xa moitas confrarías que, como xestoras das solicitudes, caeron no desánimo e a incredulidade da equidade do sistema de reparto empregado e hai tempo que desistiron de envíasalas.

Deste xeito, para a Dirección Xeral de Pesca, todas as asociacións son tidas en conta por igual, independentemente de que contén con 115 barcos ou con 37, que son os que restan ata completar os que están inscritos no rexistro de buques de Galiza.

Con este criterio, as asociacións máis numerosas xa parten con desvantaxe. E, se a isto lle engadimos que, curiosamente, os fax que entran primeiro son moitas veces os mesmos, obtemos un resultado ben desigual, discriminatorio e que, dende logo, dá poderosas razóns a aqueles que manifestan reiteradamente as súas queixas en contra del.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A administración non debera, en ningún caso, ser parcial. A súa función é aplicar as normas dun xeito obxectivo, transparente, ponderado e razoado e, sobre todo, tentando unir a calquera sector que ten un obxectivo común.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o goberno galego do sistema que emprega para repartir as 5 licenzas a barcos de Galiza que poden faenar simultánea e semanalmente nas augas interiores do País Vasco?

Considera a Xunta de Galiza que ese sistema é mellorábel?

Se é así, está disposto a deseñar, de acordo co sector, e aprobar o que satisfaga á maioría del?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 10:38:55

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 10:39:04

Daniel Castro García na data 23/11/2020 10:39:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol e protección social e económica ás mariscadoras e mariscadores da ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del, pouco a pouco mais ininterrompidamente.

Diante de esta situación, o pasado día 16 de outubro do 2020, e por iniciativa do BNG, o Parlamento de Galiza adoptou por unanimidade o seguinte acordo: "O Parlamento de Galiza insta ao goberno da Xunta e máis ao goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na Ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadoras e mariscadores pactadas co propio sector."

Mais desde aquel día non tivemos coñecemento de ningunha actuación por parte da Xunta de Galiza dirixida a dar cumprimento a este acordo parlamentario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola nosa parte visitamos a mencionada estación de bioloxía mariña da Graña para coñecer de primeira man a súa diagnose sobre a ría, a súas capacidades técnicas para realizar ou colaborar na realización dos estudos que poidan resultar precisos, e a súa dispoñibilidade.

Nesa visita atopamos un equipo pronto a prestar calquera colaboración que se lle solicite na liña do acordo parlamentario, adiantáronnos a súa opinión de que con toda seguridade a problemática da ría é de carácter multifactorial, e non exclusiva da presenza dun determinado parásito, así como a urxencia da realización dun estudo integral da ría que inclúa dinámicas hídricas, análise de sedimentos, e parámetros de auga.

Ante a falta de actuacións por parte da Xunta e premidos pola grave situación do sector os patróns e a patroa maiores das confrarías da ría de Ferrol instaron por escrito dirixido a diferentes administracións e entidades públicas o cumprimento do acordo parlamentario.

Aínda sen resposta formal de ningún de estes organismos, a consellaría por fin convocou ao sector a unha reunión que tivo lugar o mércores 18 de novembro, e na que, segundo parece, se lles comunica a nula vontade de dar cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade neste Parlamento.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que xestións realizou a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo parlamentario mencionado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Púxose en contacto con algún organismo do goberno estatal para tratar a situación da ría de Ferrol? Con cal? Chegaron a algún acordo? En que consiste?
3. Púxose en contacto cos organismos ou departamentos técnicos da Xunta aludidos no acordo para realizar os estudos precisos? Con cal? Fixéronlles algún encargo?
4. Púxose en contacto coa USC ou coa Estación de bioloxía mariña da Graña? Fixéronlles algún encargo?
5. Púxose en contacto coas confrarías da ría?
6. Celebraron algunha reunión? Quen participou en representación da Xunta de Galiza?
7. Cal foi a posición da Xunta nesa reunión? Por que?
8. É habitual por parte da Xunta de Galiza incumplir os acordos parlamentarios?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 18:16:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2020 18:16:41



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Grupo Parlamentario Socialista ten presentado diversas iniciativas nesta cámara para coñecer o acontecido ao longo desta pandemia da covid-19 nas residencias de maiores da nosa comunidade autónoma. Iniciativas para coñecer os protocolos que ten a Xunta de Galicia para aplicar nos casos en que aparezan positivos da covid-19 nestes centros, cales son os parámetros obxectivos para intervir unha residencia, para saber as actuacións previas desenvolvidas, para coñecer se se incrementaron os recursos humanos e materiais nelas, etc.

Non obstante, non obtivemos información clara ao respecto sobre estes aspectos, e estamos a ver como nesta segunda onda da pandemia os casos están a chegar as nosas residencias de maiores con consecuencias aínda máis graves que nos primeiros meses.

Esta semana coñeciamos que a residencia Asilo de Vilalba era intervida pola Xunta de Galicia ao aparecer un gromo que sumaba 132 contaxiados, 114 usuarios (máis do 70 % dos maiores) e 18 persoas do cadro de persoal. Trátase dunha das residencias con máis persoas contaxiadas de toda Galicia.

Ao longo da mañá do xoves o número de contaxiados foi subindo exponencialmente xerando desconcerto entre a veciñanza. Familiares das persoas residentes queixábanse da falta de información, non sabían tampouco que usuarios ían ser trasladados ao Cegadi.

É de resaltar que desde que apareceu o primeiro contaxio, o luns, os positivos pola covid-19 na residencia Asilo de Vilalba se incrementaron de forma exponencial, co conseguinte risco para este colectivo de maior vulnerabilidade.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cando se detectou o primeiro contaxio na residencia de Vilalba?



2ª) Que medidas adoptou a Xunta de Galicia para atallar o gromo da covid-19 na residencia Asilo de Vilalba, desde que se detectaron os primeiros casos?

3ª) Cal ou cales foron os motivos, segundo a Xunta de Galicia, para que o número de casos positivos na residencia de Vilalba aumentasen de xeito exponencial en tan pouco tempo, ata acadar a cifra de 132 contaxiados?

4ª) Considera a Xunta de Galicia, que mantivo unha boa comunicación co Concello de Vilalba á hora de trasladarlle os datos e as medidas a adoptar no relativo ao gromo detectado na residencia Asilo de Vilalba?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 24/11/2020 10:37:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/11/2020 10:38:08

Marina Ortega Otero na data 24/11/2020 10:38:22

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2020 10:38:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza e o concello de Cotobade cofinanciaron recentemente a obra da Rota das Augas da Freixa, no lugar de Dorna, parroquia de Santa María de Sacos (Cerdedo-Cotobade).

Esta actuación tivo un orzamento de 44.919€, dos cales a Xunta achegou 29.127 € e o Concello 15.792€.

O pasado 10 de xaneiro de 2020 o exdelegado territorial da Xunta, Cores Tourís, xunto co Alcalde de Cerdedo Cotobade xiraron visita ao lugar para comprobar a execución das obras. En realidade as obras non se corresponden co nome do enclave xa que o percorrido non chega ao río e moito menos á Freixa e ao manancial de augas mineromedicinais.

No mes de agosto, membros do BNG fixeron un percorrido pola rota e comprobaron a alta perigosidade de parte do percorrido, así como moitas deficiencias na construción dunha obra que presentaba o aspecto de non rematada:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O itinerario require de limpeza, da eliminación de voluminosos, recheo de zahorra compactada nalgúns tramos erosionados pola auga, recolocación dos postes e reposición das cordas de seguridade.

- É necesaria a correcta colocación do mobiliario evitando que se apoie nos valos, e mesmo retirar elementos cravados directamente nos carballos.

- Posto que se trata dunha rota de alta dificultade no treito final cunha pendente moi pronunciada, é necesario advertir das características do trazado e sobre todo extremar as medidas de seguridade mediante a recolocación e ancoraxe dos pasos de ferro que forman a escaleira que descende ata case o nivel das augas do río Lárez, ademais da recolocación dos postes e cordas que deben axudar ao paso seguro das persoas usuarias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Supervisou o goberno galego o remate e correcta execución das obras do Rota da Freixa, no concello de Cerdedo Cotobade?

- Comprobou o goberno galego se as obras foron recepciónadas sen estar rematadas?

- Ten previsto a Xunta garantir a boa execución das obras e a corrección das deficiencias que presenta?

- Considera necesario a Xunta corrixir as deficiencias da escaleira metálica de baixada ao río nunha pendente moi pronunciada, con chanzos mal ancorados e inestábeis?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 25/11/2020 13:29:08

Alexandra Fernández Gómez na data 25/11/2020 13:29:12

Xosé Luis Bará Torres na data 25/11/2020 13:29:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Mercedes Queixas Zas, Noa Ríos Bergantiños e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións no “proxecto de acondicionamento e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños na Veiga” e as súas consecuencias patrimoniais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 5/2016, do 4 de Maio, do Patrimonio Cultural de Galiza, di no seu parágrafo I “Este texto pretende ser a base normativa fundamental na que se plasme o compromiso irrenunciable da Comunidade Autónoma de Galiza co seu patrimonio cultural en canto que eixo fundamental que lle dá sentido e significación. Este compromiso debe ser manifestación do exercicio da vontade política colectiva, consciente do valor material e inmaterial do recibido nesas mil formas que ao longo do tempo configuraron a identidade cultural galega e que hoxe lle outorgan a súa máis fonda proxección de futuro”.

Tendo en conta este espírito recollido na lei queremos falar de varias actuacións que se teñen principiado no Concello da Veiga nos últimos tempos na contorna do río Xares dentro dun mesmo proxecto construtivo denominado “Proxecto de Acondicionamento e Mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños na Veiga”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este proxecto nace dun convenio a tres bandas entre Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Deputación de Ourense e Concello da Veiga no que cada unha das tres administracións asume uns compromisos e obriga nos pagamentos e execución dos distintos tramos do devandito proxecto.

Varias cousas chaman a atención no proxecto de obra, principiando porque o estudo de avaliación ambiental estima máis lesivo e custoso para o medio o arranxo das pontes e pontóns hoxe existentes que a construción doutros novos, con novos trazados e máis lesivos para a contorna como resultan a simple vista as solucións finais adoptadas.

Así as actuacións definitivas consisten na realización de 4 obras que afectan a distintos elementos patrimoniais -até un total de 10 incluíndo edificios relixiosos, núcleos de interese etnográfico, castros, mámoas e rectorais:

1. Xacemento arqueolóxico “A eirexa” (GA32083021): xacemento relacionado cun lugar de culto medieval con grao de protección integral e cautela G-II (o máis afectado polas actuacións).
2. Xacemento arqueolóxico “O lombeiro de pena Escrita (GA32083022): con grao de protección integral e cautela G-III
3. Xacemento arqueolóxico “O castro” (GA32083023): con grao de protección integral e cautela G-III
4. Igrexa de Xares. (ficha 51), con protección integral
5. Rectoral de Xares (ficha 52) con grao de protección non definido.
6. Núcleo de Xares (ficha 53) con protección non integral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Igrexa de Santa María Magdalena en Ponte (ficha 29) con protección integral.
8. Rectoral de Ponte (ficha 30) con protección non integral
9. Casa dos Barqueiros (ficha 31) con protección integral
10. Núcleo da Ponte (ficha 32) con protección non integral.

De todos eles o máis afectado sen dúbida é o xacemento arqueolóxico da “Eirexa” en cuxa contorna se teñen atopado pedazos de cerámica medieval e restos de tellas da mesma época e que conserva nun dos seus muros unha inscrición facendo referencia á fundación da primitiva igrexa en 1160.

Na contorna desa igrexa a empresa adxudicataria da obra levantou uns piares de formigón e unha estrutura do mesmo material para dar corpo a unha ponte que substituirá e ampliará de xeito considerábel o pontón existente até este momento até desembocar directamente no adro do templo co evidente impacto patrimonial que isto supón.

De forma complementar os núcleos afectados inclúense dentro do catálogo da Rede Natura 2000 incluíndo especificamente unha Zona de Especial Conservación (ZEC) así como dunha Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), o que invitaría a ser o máis cautelosos e rigorosos posíbel nun proxecto da envergadura e o impacto do que aquí nos ocupa.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Axústanse as obras que se están a realizar co proxecto aprobado inicialmente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Obtivo o concello da Veiga os permisos precisos para a execución das obras e en particular os correspondentes á Dirección xeral do Patrimonio Cultural e á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galiza?

- Contan as obras que se están a executar dentro do “proxecto de acondicionamento e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños na Veiga” coa aprobación definitiva preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio?

- Presentaron os promotores o proxecto arqueolóxico marcado como preceptivo na aprobación inicial da DX de Patrimonio ditada en 10 de novembro de 2017?

- Contan as obras co permiso da Dirección Xeral de Conservación da Natureza para os traballos nunha zona afectada ademais pola ZEPA e o ZEC de Pena Trevinca?

- Cónstalle á Xunta de Galiza que o proxecto sufrise algunha alteración importante tras do seu paso pola DX de Patrimonio que puidese modificar o permiso concedido?

- Está a facer a DX de Patrimonio un seguimento das obras que se están a realizar?

- Ten previsto a DX de Patrimonio incoar algún expediente sancionador polas mesmas?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **María González Albert**

Noa Ríos Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/11/2020 13:50:17

María González Albert na data 25/11/2020 13:50:20

Mercedes Queixas Zas na data 25/11/2020 13:50:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/11/2020 13:50:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a elaboración dunha normativa para os usos sociais do monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Principia a Lei 13/2007 de Defensa e Prevención na súa exposición de motivos dicindo o que segue:

“O medio rural galego -e integrado no mesmo o monte- constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sustentábel dun país, especialmente en Galiza, onde os terreos de monte constitúen máis do 65% da superficie e onde integrados con eles hai 315 concellos con 31.550 núcleos de poboación, máis do 90% dos mesmos cunha poboación inferior aos 500 habitantes.

O monte desenvolve unha tripla funcionalidade: social, ambiental e económica. Os recursos que achega benefician a toda a sociedade, o que obriga ás administracións públicas a velar pola súa conservación, protección, rexeneración e mellora dos seus aproveitamentos”.

Mentres, a Lei 7/2012 de Montes de Galiza adica o seu artigo 5º á función social dos montes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“1. Os terreos forestais galegos constitúen un recurso estratéxico que haberá de contribuír ao desenvolvemento socioeconómico de Galiza, xerando rendas e emprego na Comunidade Autónoma mediante un aproveitamento sustentábel dos seus recursos e servizos.

2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003 de Montes

3. A Consellería competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos, ambientais e recreativos, compatibilizados coa potencialidade e uso forestal dos mesmos.

4. A conservación, expansión e aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentábel e o disposto na presente lei, é de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade”.

Sen embargo, e pese ao que di a lexislación, a día de hoxe o desleixo do monte é un dos principais problemas ambientais do noso país, ao estar desprovisto dos coidados e controis por parte da Xunta de Galiza á hora de mantelo nas mellores condicións posíbeis. Esta realidade é, en boa medida, a responsábel dos problemas de grande índole –como os incendios forestais– que padece o noso monte.

As/os titulares dos montes veciñais en man común son as veciñas e os veciños comuneiras/os. A veciñanza comuneira ten defendido reiteradamente que estas terras comunitarias poden e deben ser espazos abertos (tal e como ademais recolle a lexislación). É dicir: a función social que cumpren debe poder desfrutala a sociedade no seu conxunto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O desfrute desta función social dos montes veciñais debe de facerse contando coa autorización da comunidade de montes respectiva. Ademais débense respectar os diversos recursos do monte, lexislando para evitar calquera agresión de tipo medioambiental e patrimonial, non deixando lixo, non prendendo lume... En resumo: o uso social dos montes veciñais en man común non pode significar responsabilidades civís e penais para as comunidades de montes.

Cando os usos do monte se fan a través de asociacións, clubs, federacións... fica cuberta a responsabilidade no caso de que haxa algún problema xa que é preceptivo contar con licenza expedida pola Consellaría do Medio Rural para a que é condición sine qua non contar cun seguro de responsabilidade civil para a expedición do permiso. Esta cuestión, pola contra, non queda solucionada cando son particulares as/os que fan uso dos montes ante os posíbeis danos que poidan causar.

Podemos clasificar os usos sociais dos montes veciñais en dúas tipoloxías: tradicionais e novos.

Os usos tradicionais serían as festas populares, as visitas ao patrimonio cultural e medioambiental, os paseos, os cubertos nas áreas de lecer... E nós sinalaríamos como “novos usos sociais do monte” os vencellados, sobre todo, a actividades deportivas como motocross, montañismo, ciclismo de montaña, deportes de aventura, escalada en rocha...

Os usos tradicionais presentan, normalmente, poucos riscos. Fanse maioritariamente a pé e serían facilmente regulábeis no que ten a ver co mantemento da limpeza do lugar, o percurso por carreiros ou espazos abertos para tal uso, o feito de non prender lume, a non alteración dos hábitats naturais...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo que ten a ver cos novos usos sociais dos montes veciñais estes plantexan problemas tanto para as comunidades de montes (porque a práctica destes usos pode traer consigo accidentes que poñan en perigo mesmo a vida de quen os practica) como para o propio monte veciñal xa que moitas veces son agresivos medioambientalmente e producen un forte impacto erosivo.

Neste contexto merecen especial atención aqueles montes periurbanos que son ás veces obxecto de actividades deportivas clandestinas con cortas e aperturas de pistas de motocross e outras prácticas de risco que degradan e atentan contra do que o monte ten de ser en si mesmo ademais de supor problemas específicos no caso de accidentes.

En todo caso, e sexan as afeccións maiores ou menores, semella fundamental que a súa práctica sexa regulada por unha normativa específica e moito máis pormenorizada da recollida hoxe en distintas normas que non cobre, nin de lonxe, todas as especificidades que se poden dar nos usos sociais dos montes comunais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten previsto a Xunta de Galiza elaborar unha normativa específica para regular os usos sociais do monte en Galiza?
- Ten prevista esa normativa contemplar as problemáticas específicas derivadas dos usos individuais por parte de particulares dos montes en man común?
- Ten previsto a Xunta de Galiza mudar e endurecer os requirimentos hoxe en vigor para a celebración de probas deportivas nos montes galegos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estima a Xunta de Galiza que esta regulamentación dos usos sociais do monte debería facerse de xeito conxunto coas representantes das Comunidades de Montes Veciñais?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 25/11/2020 18:06:38

María González Albert na data 25/11/2020 18:06:42

María del Carmen Aira Díaz na data 25/11/2020 18:06:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as deficiencias do servizo de radioloxía na EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de novembro executouse o concurso de traslados de facultativos especialistas no SERGAS. A partir dese día o Hospital Público do Barco de Valdeorras (antes HCV) perdeu dous dos catro radiólogos cos que contaba, ao desprazarse unha facultativa ao CHUVI e outro facultativo ao CHUF. Deste xeito no HPV só quedan a día de hoxe dúas persoas traballando no servizo de Radiodiagnóstico, estando unha delas exenta das gardas localizadas.

Esta situación xera, evidentemente, unha merma intolerábel no servizo de radiodiagnóstico na comarca valdeorresa nun servizo, ademais, fundamental xa que até o 80% dos diagnósticos hospitalarios precisan dalgunha proba de imaxe. Non é, por desgraza, un problema novidoso, senón que vén a sumarse á paulatina precarización de servizos que o HPV vén padecendo nos últimos anos desde a perda da área sanitaria até o día de hoxe e que moito nos tememos que non ten aquí o seu fin.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, a maiores disto, supón un evidente problema de xestión para o propio SERGAS xa que evidentemente a única persoa que fai gardas non pode asumir as de todo o mes.

A situación do Hospital Público do Barco súmase deste xeito á problemática xa preexistente no hospital de Verín, onde só hai tres radiólogos, un deles cun réxime reducido de gardas. Nos últimos meses, un especialista desprazado desde Ourense está a cubrir o Hospital de Verín unha fin de semana de cada tres. Agora as e os profesionais de Ourense haberán de cubrir tamén Valdeorras dúas fins de semana de cada tres. Isto implicará que todas as fins de semana do mes haberá algún radiólogo de Ourense desprazado, ben a Valdeorras, ben a Verín. Así, o que podería ser unha alternativa temporal para solventar nun problema puntual tense convertido na práctica nunha solución estrutural que afecta, ademais, ás condicións laborais das e dos profesionais que teñen a súa praza asignada no CHOU.

Descoñecemos neste momento que pretende facer a Consellaría de Sanidade coas gardas en días laborábeis no hospital de Valdeorras. Teñen pensado que asuma todas a única persoa que as fai? E tamén descoñecemos como vai afectar a redución do plantel nun 50% á actividade ordinaria en quenda de mañá.

En resumidas contas, que á escaseza de persoal de Verín, sumamos unha redución de máis do 50% do persoal no Barco. Todo isto engadido á propia situación do servizo no hospital de Ourense, que está por baixo do plantel que corresponde.

A falta doutras informacións, esta situación de precariedade perdurará no tempo até que se adxudiquen os destinos da vindeira OPE, que é cando poderán bloquear radiólogos nos hospitais de Verín e O Barco, aínda que só até o seguinte concurso de traslados. Tendo en conta que probablemente a OPE teña lugar no verán e que non se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resolverá até o vindeiro inverno, a perspectiva é de canda menos un ano enteiro nesta situación, que podería agravarse se algún dos radiólogos de Ourense deixa de facer gardas por ter cumprido os 55 anos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten articulado o SERGAS unha solución para o problema da falta de facultativos de radiodiagnóstico na EOXI de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras e nomeadamente no HPV?
- Como estiman que vai afectar a redución do plantel nun 50% á actividade ordinaria en turno de mañá.
- Que medidas vai adoptar a Consellaría de Sanidade para aumentar o plantel de Radioloxía da EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, especialmente no caso dos hospitais comarcais.
- Como van resolver a cobertura das gardas comarcais localizadas até a resolución da vindeira OPE?
- Teñen pensado que asuma todas as gardas do HPV a única persoa que as fai a día de hoxe?
- Que incentivos están dispostos a ofrecer para conseguir que haxa radiólogos con vinculación eventual dispostos a marchar traballar a eses hospitais?
- Cantas derivacións á sanidade concertada ou privada se efectuaron en cada un dos hospitais de Ourense no último ano para realizar ou valorar probas de radiodiagnóstico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 26/11/2020 09:52:40

Noa Presas Bergantiños na data 26/11/2020 09:52:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/11/2020 09:53:07

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2020 09:54:09

María Montserrat Prado Cores na data 26/11/2020 09:54:21

Olalla Rodil Fernández na data 26/11/2020 09:54:36



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Paloma Castro Rey e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O xulgado da Muller de Viveiro segue a carecer dun espazo digno para darlles comodidade e anonimato ás mulleres maltratadas que deciden demandar aos seus agresores. E segue sen existir esta sala que acolla con dignidade ás vítimas, malia os múltiples anuncios da Xunta de Galicia de que estaría operativa a finais do ano 2019.

En abril de 2019 o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba nesta Cámara diversas iniciativas neste eido, nas que se recollía a petición de que os representantes do xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro (Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2) fixeron na Mesa Local de Coordinación contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro na que presentaron un rogo á Mesa para solicitar da Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia a habilitación dun espazo digno como sala de agarda para as mulleres maltratadas. Nese rogo presentado explicaban cales eran as condicións nas que se atopa a actual “ sala de agarda” que non se considera adecuada para tal fin.

Ante a pregunta realizada polo Grupo Socialista ao señor Rueda no Pleno do 29 de maio de 2019, a súa resposta foi que a Xunta de Galicia habilitaría no xulgado de Violencia sobre a muller de Viveiro un espazo digno como sala de espera para as mulleres maltratadas que comparezan no xulgado nos vindeiros meses, antes de rematar o ano 2019. Daquela xa se lle reclamabamos que era urxente habilitar unha sala propia e digna no xulgado para que as mulleres maltratadas poidan contar cun espazo que ofrezca anonimato para evitar a súa exposición pública nos corredores do xulgado evitando que se poidan cruzar cos seus agresores, ademais de ter unha certa comodidade, pois o trámite da denuncia pode durar varias horas.

Pero o certo é que a día de hoxe, máis dun ano e medio despois daquel anuncio en sede parlamentaria o xulgado de Viveiro carece da dita sala. As mulleres continúan agardando na mesma sala. Situación denunciada de novo por parte dos traballadores do propio xulgado.



Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cando vai comezar a Xunta de Galicia as obras precisas para habilitar un espazo propio e digno como sala de agarda para as vítimas de violencia de xénero que comparecen no Xulgado sobre a Muller de Viveiro?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/11/2020 11:17:09

Paloma Castro Rey na data 26/11/2020 11:17:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/11/2020 11:17:33



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade creou o denominado Comité Educativo, como máximo órgano asesor do Goberno galego en materia educativa no contexto da pandemia da covid-19.

O dito comité educativo, segundo a propia consellaría, traballou nunha proposta para crear comisións provinciais de seguimento ante posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19, decisión que se tomou logo da constatación da existencia dun número elevado de casos na Comunidade Autónoma de Galicia de nais e pais de alumnos que demandaban unha ensinanza non presencial pola existencia nos propios alumnos ou en persoas conviventes de patoloxías previas nas que o contaxio da Covid-19 puidera representar un risco severo de agravamento ou mesmo ter consecuencias letais.

O día 20 de novembro de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 13 de novembro de 2020 pola que se crean as comisións provinciais de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19.

Chama poderosamente a atención que este texto normativo xustifique ao longo de 13 páxinas, das 17 que ten, a necesidade de crear estas comisións. A xuízo deste grupo parlamentario este feito dá boa proba da necesidade de argumentar unha figura absolutamente prescindible e dilatoria de solucións inmediatas ante unha problemática para a que existen sólidas argumentacións que demostran que se trata dunha figura innecesaria.

Por un lado, existe un informe da Avogacía do Estado que conclúe que se debería valorar tanto polos centros docentes como polas autoridades competentes, a situación particular de cada menor, por razóns de saúde, tanto do menor como dos seus familiares conviventes, así como a situación de evolución epidemiolóxica no momento que se trate, o que pode constituír unha causa de xustificación do absentismo.



Por outro, existe unha recomendación da Valedora do Pobo que propón que cando se acredite nos correspondentes informes médicos a existencia dunha patoloxía de risco no alumno ou nos familiares cos que conviva, e así se solicite polos representantes legais do alumnado afectado, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade adopte as medidas de educación a distancia previstas con carácter xeral mediante as aulas virtuais, así como respecto do alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión de actividade presencial no conxunto da aula.

Adicionalmente, o actual protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia ten flexibilidade suficiente para a súa aplicación nos supostos aos que facemos referencia polo que non sería necesario dilatar a adopción de solucións encargando ao Comité Educativo a creación de comités provinciais para analizar unha situación que require unha resposta inmediata e que se pode dar cunhas instrucións claras aos centros que garantan un tratamento uniforme dos casos.

A Orde publicada, no seu artigo 3º, establece as funcións desas comisións. Chama poderosamente a atención que no apartado 2º dese artigo se determine que *“Para determinar os casos que, excepcionalmente, deben ser elevados a ditame das comisións de seguimento se valorará a situación particular de cada menor ponderando a súa situación de saúde e familiares conviventes, as circunstancias sociofamiliares concorrentes, así como a situación e evolución epidemiolóxica en cada momento.”*

En definitiva, a elevación a esas comisións de casos é algo excepcional pero, á súa vez, antes da elevación dos casos a esa comisión son os propios centros os que deben realizar as ponderacións das situacións particulares. Todo un despregue normativo innecesario e incoherente que delega nos centros a decisión que xa de por si tiñan co actual protocolo e para cuxa aplicación sería suficiente ditar unhas instrucións que garantisen un tratamento uniforme por parte dos centros educativos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como pode garantir a Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha aplicación uniforme na remisión para ditame das comisións provinciais de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19 por parte dos centros educativos?



2ª) Cantos casos se remitiron ás comisións provinciais de seguimento ante as posibles situacións de absentismo con orixe na covid-19 por parte dos centros en cada unha das provincias galegas dende a publicación da Orde do 13 de novembro de 2020?

3ª) Cantos deses casos foron propostos para a súa elevación ao Ministerio Fiscal por apreciación dunha posible situación de vulnerabilidade para o menor?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/11/2020 11:43:16

Noa Susana Díaz Varela na data 26/11/2020 11:43:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Manuel Lourenzo Sobral, Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 22 de outubro de 2019 o Grupo Parlamentar do BNG presentou por rexistro unha serie de preguntas relativas ás obras de “suposta musealización” de castros na provincia de Pontevedra.

Posteriormente, o 26 de novembro de 2019 formuláronselle estas preguntas na Comisión 4ª á directora xeral de Patrimonio Cultural, quen afirmou que a consellaría de cultura velaría polo respecto á legalidade e a protección do patrimonio cultural.

Trascorrido un ano desde aquelas iniciativas parlamentares, asistimos con estupor ao inicio das obras de urbanización no Castro de Toiriz (Silleda) e A Subidá (Marín), coa escavación de buracos para colocar balizas, colocación de dados de formigón para asentar mobiliario, pedra serrada a modo de bancos, enlousados e pavimentacións moi próximas a restos arqueolóxicos... No que constitúe unha auténtica transformación dun lugar de grande valor patrimonial, está previsto tamén o axardinamento con plantas ornamentais que deturpan a natureza e esencia do enclave.

Trátase sen dúbida dunha actuación aberrante, innecesaria, agresiva e cunha absoluta falta de sensibilidade cara a un ben patrimonial de extraordinaria valía. Un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxecto que supón a uniformización e estandarización de xacementos arqueolóxicos en enclaves naturais que son alterados con criterios propios de espazos urbanos.

Unha vez que se deron a coñecer en webs e redes sociais as imaxes das actuacións que se están a realizar, a reacción das persoas que traballan no ámbito da arqueoloxía e de entidades de defensa do patrimonio foi unánime no rexeitamento e na censura deste tipo de intervencións “artísticas” e de “urbanización” que ademais de innecesarias son moi custosas.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Autorizou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as obras que se están a levar a cabo no Castro da Subidá en Marín?

- Defende a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o interese e necesidade deste tipo de actuacións de urbanización e “amoblamento” de castros?

-Unha vez que o tema foi denunciado en webs relacionadas co patrimonio e diante da Xunta, que actuacións levou a cabo a consellaría de Cultura?

-Considera o goberno galego que a intervención é respectuosa co castro e que se está a facer coas debidas garantías de control arqueolóxico?

- Que outras actuacións en castros da provincia de Pontevedra están en tramitación e cal é a valoración da Xunta de Galiza sobre as mesmas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai consentir a Xunta de Galiza as actuacións agresivas de uniformación e urbanización dos xacementos arqueolóxicos previstas no proxectos Trazas de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/11/2020 17:50:51

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/11/2020 17:50:55

Xosé Luis Bará Torres na data 26/11/2020 17:51:02

Mercedes Queixas Zas na data 26/11/2020 17:51:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as feiras e mercados tradicionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dous días ao mes, en cada entidade maior de poboación (xeralmente a capital de concello), celebrábanse as feiras e os mercados na nosa terra onde tiñan cabida toda caste de produtos de todo tipo de procedencia.

Eran lugar de intercambio dos chamados excedentes agrarios dunha sociedade autárquica e non tan pechada en si mesma coma se quere facer crer hoxe. A eles asistían coa cesta na cabeza as mulleres das aldeas coa quincena de queixos, ovos, carne, fabas, patacas, grao... e regresaban co sal, azucre, arroz, pementón, pastas, teas, etc...

Á feira ía o gando, maior e menor, cestos e cestas, ferreiría, un par de zocas, *O Gaiteiro de Lugo*, pandeiretas... Todo tiña cabida. Todo canto a sociedade precisaba para a vida. Todo canto se podía mercar e vender. Feiras tan lonxegas como As San Lucas en Mondoñedo, a Feira de Santos en Monterroso ou a Feira de Gando do San Froilán en Lugo.

Tiñan tamén cabida toda clase de charlatáns (inventores da propaganda “agresiva”) e tamén os amigos do alleo sobre os que todos e todas iamos ben instruídos da casa para non caermos nas súas mañas e engados.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medida que os tempos foron avanzando e vestidos de neon e embalados en plástico foron aparecendo os hipermercados, centros e áreas comerciais afianzados por grupos económicos que co uso da propaganda cientificamente agresiva foron desprazando ás feiras, prazas de abastos, mercadiños e mercados onde os produtores digamos de baixo “standing” tiñan e teñen aínda o seu lugar.

A pandemia da Covid materializou a pouca consideración que lle merecen ás autoridades e modernidades na actualidade este tipo de comercio de proximidade, e así unha das primeiras medidas tomadas foi a súa prohibición inmediata a favor dos puntos de venda dependentes de grandes cadeas de alimentación en aras dunha hipotética protección sanitaria da poboación e alegando o argumento dos bens esenciais.

Pois iso, que nestes mercados e feiras reais, “de proximidade” non se venden bens esenciais. Os clientes asiduos a Mercadona, Froiz, Gadis, LIDL ou a tendas e comercio de alto copete ignoran a importancia que feiras e mercados teñen na economía do rural e prefiren achegarse a un superfeirón ficticio argallado pola Consellería de Medio Rural para entregarlle en bandexa de prata a soberanía alimentaria ao elo da distribución.

A reacción diante dos peches foi por parte dos produtores/as primarios/as, decotío, apostar pola venda de cestas de alimentos a domicilio, que se incrementou, coa chegada de nova clientela e o reforzo da fidelidade da xa existente.

Un cliente importante tiñano na hostalaría que, a pesares de reabrir, fíxoo con afluencias limitadas e mercado menos, e os pedidos de grupos de consumo baixaron, polo que se apostou por buscar alternativas de vender cestas de produtos frescos a domicilio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No eido institucional, houbo concellos que aproveitaron o confinamento para pechar mercados nos que non crían, mentres outros fixeron todo o posible para mantelos abertos, destacando o de Allariz que, a través da negociación política, foi o único municipio galego quen de manter o seu Mercado da Reserva da Biosfera aberto durante o estado de alarma e o confinamento.

Dende o primeiro momento entenderon que manter os nosos mercados abertos, como o da Biosfera ou a feira semanal, facilitaban o acceso a produtos de primeira necesidade, un dos principais obxectivos fundamentais durante o estado de alarma, poñendo produtos de producións locais (de quilómetro cero) a disposición da poboación, mediante venda directa, sen intermediarios.

Adaptaron todos os protocolos sanitarios dende un principio: mantemento de distancias, desinfección mans e calzado nas entradas, elementos de separación para que a xente non puidese tocar os produtos, e dispensador de números para evitar aglomeracións e colas.

Porque non so dan saída e moven os produtos alimentares primarios e elaborados artesanalmente senón que dan vida ao comercio local da vila ou viliña onde se celebran sendo de vital importancia para o tecido comercial do rural.

Non houbo misericordia ningunha co rural e así a maioría dos concellos, amosando unha covardía impropia de quen ten o deber de defender o propio e o próximo, suprimiron dun tallo o que crían seu problema e asunto resolvido.

A nivel político, dende a Xunta de Galicia non hai interese en promover espazos para comercializar directamente produtos da terra. Creo que consideran marxinais e prescindibles o groso do pequeno produtor local. E aínda que hai concellos que si





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apoian activamente a comercialización directa, como o mencionado caso Allariz, por desgraza son as excepcións que deberan converterse nas maiorías.

En xeral, o desinterese é total, e coas medidas contra a Covid moitos concellos aproveitaron para dar un paso de xigante de cara a obstaculizar e mesmo suprimir este tipo de mercados. Sendo como son as feiras e mercados uns espazos máis seguros e polo xeral ao aire libre ou ben ventilados para vender nunha situación de pandemia, foi absurdo ver como foron os primeiros en ser pechados e os últimos en poder abrir.

Desde o BNG coidamos que son horas de restaurar o sentido común e instar ao Goberno galego a necesidade de que elabore protocolos que regulen estes eventos en ben da seguridade sanitaria e que non paralice a cada vez máis minguada actividade mercantil das feiras e mercados.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a consideración que lle merecen ó Goberno galego as feiras, mercados e mercadiños de proximidade?

Cal foi a razón pola que diante do estado de alarma de marzo deste ano actuou de cómplice na supresión de feiras, mercados e prazas de abastos co beneplácito da Subdelegación do Goberno do Estado español ata practicamente a última semana de confinamento durante a primeira ola da pandemia?

Ten algún xeito de protocolo de seguridade sanitaria que regule a actividade desta modalidade comercial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai tomar algunha medida para reactivar esta actividade comercial que evite o seu esmorecemento?

Como explica a Consellaría do Medio Rural que a estas alturas de PDR 2014-2020, a submedida 16.4 destinada ao fomento de canles curtas de distribución e mercados locais e dotada con 4.520.000 euros teña un 0 % de execución?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

Asdo.: .: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/11/2020 17:55:05

María González Albert na data 26/11/2020 17:55:13

María del Carmen Aira Díaz na data 26/11/2020 17:55:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á demanda de actuacións reparadoras sobre o agravio cometido co colectivo traballador da verbena.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cun colectivo de traballadores e traballadoras asalariadas vinculadas ao ámbito da verbena (músicos, cantantes, técnicos de son e de luz...) que abrangue entre 2.500-3.000 traballadores directos.

A tipoloxía deste traballo, fortemente vinculado ao tempo estival, fai que o groso do seu traballo se concentre na campaña comprendida entre o comezo do verán e o do outono. Iso explica que este colectivo non tivo ningunha posibilidade de traballar desde o inicio do confinamento en marzo, nin tampouco estivera laboralmente activo nos meses previos.

A relación contractual da gran maioría dos membros deste colectivo coas empresas é de carácter eventual e moi intermitente, isto é, trátase dun persoal moi precario sen relación laboral estable ou permanente coa empresa, independentemente dos anos que leven traballando de xeito continuado coa mesma empresa.

No entanto, produciuse unha acollida masiva aos ERTes, seguindo indicación dos empregadores, que foi autorizada pola Xunta de Galiza. Asemade, a Administración





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega acordou coas entidades bancarias a posibilidade de se acoller a un anticipo (un 750 euros durante dous meses), que boa parte dos traballadores e traballadoras cobrou, novamente con participación da administración galega para autorizar os pagamentos das entidades bancarias.

Estas entidades bancarias obrigaron os traballadores a asinaren un préstamo persoal para accederen a ese importe, que se viron obrigados a devolver ao serlles denegado o ERTE por seren contratados eventuais.

Un colectivo dobremente penalizado, primeiro pola pandemia, que o inhabilitou de forma completa para desenvolver o seu traballo en ningún momento do 2020, nin sequera no posterior ao confinamento, e logo pola Administración, que non atendeu a súa situación específica en ningunha convocatoria de axudas directas e os prexudica nun proceso de tramitación de ERTES erróneo e abertamente gravoso para estes traballadores, condenados a unha débeda maior sen posibilidade de obter ingresos polo seu traballo ao longo de todo o ano.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Coñece a Xunta de Galiza a especificidade das relacións laborais neste sector?

-Mantivo nalgún momento reunións coas asociacións representativas do sector?

-Cantos Expedientes de Regulación relacionados con este sector tramitou a Xunta?

-Cantos Expedientes foron autorizados pola Xunta mediante resolución expresa favorable? A que número de persoas afectaban?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cantos foron aplicados por falta de resolución expresa?

-Cantas solicitudes dos adiantos bancarios tramitou a Xunta para persoas de este sector?

-Que tipo de comprobacións realiza a Xunta para remitir a súa autorización ás entidades bancarias?

-Segundo a información que manexa a Xunta a día de hoxe é posible que as entidades bancarias comezasen a descontar as cantidades prestadas aos clientes antes de que estes percibisen as prestacións do SEPE?

-Se fose así, ten pensado realizar a Xunta algunha xestión diante das entidades bancarias para evitar este grave prexuízo?

-É consciente a Xunta de Galiza de que existe un elevado número de persoas de estes sector en Galiza que leva sen poder desenvolver a súa actividade retribuída habitual desde hai 1 ano?

-Ten pensado a Xunta de Galiza establecer axudas para estas persoas?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/11/2020 18:11:38

Mercedes Queixas Zas na data 26/11/2020 18:11:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/11/2020 18:11:51



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A pandemia da covid-19 afecta a todos os sectores, e os contaxiados por coronavirus chegan a todos os centros de traballo e, polo tanto, os buques de pesca non son alleos a esta problemática, e os gromos aparecen tamén entre os seus tripulantes.

Dende a chegada da covid-19 ás nosas vidas foron numerosos os casos de barcos que atracaron en portos galegos con contaxiados pola covid-19. A ninguén se lles escapan as peculiaridades destes centros de traballo itinerantes, que polo tamaño das embarcacións e pola dinámica da súa propia actividade, dificultan o cumprimento das medidas para paliar a covid-19.

Nas últimas semanas, foron varios os casos de buques de pesca que atracaron nos portos galegos con tripulante contaxiados por coronavirus. O último o Adviento que atracou a semana pasada no Porto de Burela con 17 contaxios.

Ante casos iguais de barcos chegados aos nosos portos con tripulación contaxiada pola covid-19, a Xunta de Galicia adoptou decisións distintas. Polo que entendemos que é urxente e necesario que por parte das autoridades competentes da Xunta de Galicia (Consellería do Mar e Consellería de Sanidade) se estableza un protocolo de actuación específico para os casos de persoas enfermas por coronavirus nos barcos que chegan aos portos galegos.

É preciso ese protocolo para que ante casos iguais non se actúe de xeito distinto. É preciso que ese protocolo defina claramente as competicións e funcións, na xestión destes casos, co obxectivo de conseguir unha maior eficacia e eficiencia.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai a Xunta de Galicia establecer e aprobar un protocolo de actuación específico para os supostos nos que se dean casos positivos da covid-19 entre a tripulación



dos barcos que chegan aos nosos peiraos, no que se definan claramente as competencias e funcións?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 26/11/2020 16:56:48

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2020 16:57:02



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en escrita**.

O Carballiño é unha das cabeceiras de comarca máis importantes da provincia de Ourense.

Dende fai anos o Carballiño, cunha poboación de 14.300 habitantes, vén sufrindo constantes recortes no ámbito sanitario. Unha poboación envellecida e cunha gran demanda de prestacións sanitaria.

O Carballiño ten un centro de saúde moi pequeno para poder dar un servizo sanitario adecuado, tendo en conta o gran aumento do número usuarios/as, onde os pacientes, por exemplo de radioloxía, esperan acumulados nun corredor.

O servizo de psicoloxía clínica leva máis de seis meses sen prestar servizo no centro nun momento de moita demanda e tendo en cota o contexto derivado da pandemia, así mesmo hai falta de médicos, de enfermeiras, de auxiliar de enfermería, administrativos.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia a ampliación do Centro de Saúde do Carballiño? de ser así, en que data?
- 2.^a) Vai a Xunta de Galicia a ampliar os cadros de persoal medico, enfermaría, auxiliar de enfermaría, psicoloxía, fisioterapia e persoal administrativo?
- 3.^a) Ten previsto aumentar o horario de fisioterapia?
- 4.^a) Contempla o Goberno recuperar os recursos necesarios do Centro de Orientación Familiar?

Pazo do Parlamento, 26 de novembro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/11/2020 18:23:57
Nº Rexistro: 5891
Data envío: 26/11/2020 18:23:57.924

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 26/11/2020 17:03:23

Julio Torrado Quintela na data 26/11/2020 17:03:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGbW5P-Jqqt00
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

